

XUNTA DE GOBERNO  
Sesión do día 14 de agosto de 2025

-----oOo-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día catorce de agosto do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de *Rafael Domínguez Artime*, Vicepresidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *María Nava Castro Domínguez*, *Jorge Cubela López*, *Ricardo Martínez Chantada*, *Manuel Alejandro Lorenzo Alonso*, *María Pilar Ramallo Vázquez* e *Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *Gabriel Rodríguez Alonso*, Secretario Acctal, e está presente o Interventor, *Antonio Graña Gómez*.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente *Luis López Diéguez* e os deputados *Luisa María Sánchez Méndez* e *Roberto José Álvarez Carrero*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Belén Cachafeiro Anta* e *María Sandra Bastos Míguez* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35535.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 8 de agosto de 2025.

2.35536.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS” (EXPTE.2025050424)

Retírase da orde do día, pendente de mellor estudo o expediente relativo á “*Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra “Mellora da piscina municipal de Teis” (Expte.2025050424)*”

3.35537.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO DAS VIVENDAS DOS MESTRES PARA USOS COMPLEMENTARIOS DO COLEXIO TORRE ILLA” (EXPTE.2025021300)

Retírase da orde do día, pendente de mellor estudo o expediente relativo á “*Concesión de subvención ao Concello de A Illa de Arousa, ao abeiro do plan + provincia 2025 liña 1-investmentos, co obxecto do financiamento do investimento “Acondicionamento das vivendas dos mestres para usos complementarios do Colexio Torre Illa” (Expte.2025021300)*”



4.35538.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOAÑA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN DA TRAVESÍA CTRA. DA PRAIA EN MEIRA” (EXPTE.2025021169)

Retírase da orde do día, pendente de mellor estudo o expediente relativo á “*Concesión de subvención ao Concello de Moaña, ao abeiro do Plan + Provincia 2025 liña 1-investmentos, co obxecto do financiamento do investimento “Humanización da travesía Ctra. da praia en Meira” (Exppte.2025021169)*”

5.35539.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DA OBRA DE “REPARACIÓN DE DANOS NA PONTE SOBRE O RÍO TEA NA E.P. 4401 MONDARIZ BALNEARIO-FOZARA (CONCELLOS DE MONDARIZ BALNEARIO E MONDARIZ)” (EXPTE.2025008072)

Resultando.-Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 4401 MONDARIZ -BALNEARIO – FOZARA que percorre os termos municipais de Mondariz Balneario e Mondariz pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 4.383 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada resulta necesario proceder a reparación dos danos estruturais que afectan a ponte sobre o río Tea, no P.Q. 0+000 da estrada EP-4401. Aprécianse danos nos estribos de fábrica de pedra, no taboleiro de vigas de formigón armado e na ampliación con vigas de formigón pretensado.



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse polos enxeñeiros de camiños, canais e portos Manuel Durán Fuentes e Alberto Arias Durán, adscritos á empresa EIC DURÁN, SL., o proxecto de execución da obra “Reparación de danos na ponte sobre o río Tea na E.P. 4401 Mondariz Balneario-Fozara (Concellos de Mondariz Balneario e Mondariz)” cun orzamento base de licitación de 494.180,00 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 772G0CCFY81ISLRX.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Reparación de danos na ponte sobre o río Tea na E.P. 4401 Mondariz Balneario-Fozara (Concellos de Mondariz Balneario e Mondariz)”

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC número 12025000042233 por importe de 494.180,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial certificando a existencia de consignación orzamentaria para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 09/05/2025 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Reparación de danos na ponte sobre o río Tea na E.P. 4401 Mondariz Balneario-Fozara (Concellos de Mondariz Balneario e Mondariz)” redactado polos enxeñeiros de camiños, canais e portos Manuel Durán Fuentes e Alberto Arias Durán, adscritos á empresa EIC DURÁN, SL, cun orzamento base de licitación de 494.180,00 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 772G0CCFY81ISLRX.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 481WCWAG759BMVH8 informe do Secretario Xeral da Deputación no que se recolle o seguinte: *“...Estímase os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD1098/2001. Non obstante, debería de xustificarse o feito de que a clasificación esixida nos PCA é diferente á sinala no proxecto técnico. Por outra banda, os criterios de adxudicación establecidos na cláusula 9 dos PCA non están definidos na providencia de inicio do contrato. Antes do comezo das obras debe de contarse coas autorizacións sectoriais en vigor...”*

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: TVN3TVE4R970T40G, informe de fiscalización do expediente, no que se recolle o seguinte: *“...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábles mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente.*



Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *Reparación de danos na ponte sobre o río Tea na E.P. 4401 Mondariz Balneario-Fozara (Concellos de Mondariz Balneario e Mondariz)* cun orzamento base de licitación de 494.180,00 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

|                    |              |
|--------------------|--------------|
| Importe.....       | 408.413,22 € |
| IVE (21%).....     | 85.766,78 €  |
| Importe Total..... | 494.180,00 € |
2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): T3OE6X4PVU8BDG5Q, e de prescricións técnicas con código (CSV) 772G0CCFY81ISLRX, que rexerán neste procedemento.



3. Autorizar o gasto por importe de 494.180,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

6.35540.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NAS EP-8301, EP-8302, EP-8303 E EP-8304. CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO”(EXPTE.2025037343)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que as estradas E.P. 8301 O COUSO-ARMONDA, E.P. 8302 O COUSO-AGUEIROS, E.P. 8303 IGREXA DE FRAGAS e E.P. 8304 MOIMENTA-ARMONDA que percorren o termo municipal de Campo Lameiro pertencen á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que nas devanditas estradas resulta necesario mellorar a seguridade viaria mediante as seguintes actuacións:

- Realizarase unha adecuación dos marxes da estrada mediante a reapertura de cunetas e perfilado de noiros.
- Seguidamente realizarase a mellora da drenaxe, mediante a instalación de colectores soterrados para condución das augas, arquetas, sumidoiros e pozos. Executaranse novas cunetas remontables en formigón.
- Na E.P. 8303 realizaranse dous Redutores Físicos de velocidade, ca súa correspondente sinalización.
- Nesta mesma estrada na súa parte final na contorna da igrexa de Fragas, farase unha reposición de firme debido o mal estado do existente.
- Disporanse novas barreiras de seguridade en certos tramos para mellora da seguridade dos vehículos.
- Xa como remate, farase unha mellora da sinalización tanto horizontal como vertical.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse pola, enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas Dona Belén Pampín Camino, o proxecto de execución da obra “Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro” cun orzamento base de licitación de 604.775,93 € IVE Incluído. A este proxecto asígnouse o código CSV: TVEI4YLIYT5V6UM3.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro”.



Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 12025000126594 por importe de 604.775,93 € con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial certificando a existencia de consignación orzamentaria para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que consta no expediente informe de fiscalización do proxecto favorable CSV: 4XAVCA865BWTUL2.

Considerando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Considerando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Considerando.- Que a esixencia de informe de supervisión non é preceptiva dado que non se superan os límites establecidos no art. 235 da LCSP e as actuacións non afectan á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

Considerando.- Que de acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo c) Obras de conservación e mantemento ao tratarse de obras de mellora da drenaxe, firmes, defensas e sinalización como consecuencia do natural ou normal uso das estradas.

Considerando.- Que polo carácter e ámbito das obras, que delimitáanse exclusivamente a plataforma da estrada, no dominio público viario titularidade desta Deputación, unicamente a nivel superficial, mellorando a drenaxe e pavimentación do firme existente en un viario completamente consolidado non se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: "...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación..."

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro*”, redactado pola enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas Dona Belén Pampín Camino, o proxecto de execución da obra cun orzamento base de licitación de 604.775,93 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: TVEI4YLIYT5V6UM3.

7.35541.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REPRODUCCIÓN FOTOGRÁFICA E VÍDEO PARA O MUSEO DE PONTEVEDRA. (EXpte.2024069703)

Por Acordo da Xunta de Goberno nº22.35037, adoptado na súa sesión ordinaria do día 04/04/2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do Servizo de reprodución fotográfica e vídeo para o Museo de Pontevedra, dacordo coa seguinte distribución por Lotes:

|        |                                          |
|--------|------------------------------------------|
| LOTE 1 | Servizo de fotografía                    |
| LOTE 2 | Servizo de grabación e edición de vídeos |

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 08/04/2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión de data 22/05/2025, procedeu á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa e ofertas avaliábles mediante xuízos de valor, presentadas polas empresas ó procedemento referenciado (Certificado da Mesa de Contratación de apertura dos Sobres “A”, co CSV nº ISAQNY4AQOH6KVZF)

A continuación, acordouse trasladar a documentación técnica ó Museo de Pontevedra para a súa valoración.

Con data 10/07/2025, a Xefa de Xestión do Museo de Pontevedra emitíu o correspondente informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores (CSV: EWDJ7UD7A4X8TXWH)

A mesa de Contratación, na súa sesión de data 17/07/2025, presta a súa conformidade as puntuacións acadadas en dito informe e acorda proceder á apertura dos Sobres “B”, relativos ás ofertas avaliábles mediante criterios automáticos, dos licitadores cuxas ofertas técnicas obtiveron o mínimo do 50% da puntuación máxima (Certificado da Mesa de Contratación de aprobación das valoracións técnicas, co CSV nº R2WZY7PCGU3GCOZ8)



Na mesma sesión, a Mesa de Contratación procede á apertura dos sobres “B”, e acorda aprobar a clasificación das ofertas presentadas e propoñer ó órgano de contratación a adxudicación de ambos lotes do contrato ós licitadores que acadaron as maiores puntuacións, facultando ó secretario da mesma para requirir ós adxudicatarios propostos para que presenten o resto da documentación necesaria para a adxudicación do contrato (Certificado da Mesa de Contratación de apertura dos sobres “B”, co CSV nº XRAO4JQ0R0QV09VM); Así mesmo, a Mesa de Contratación comproba que os adxudicatarios propostos atópanse inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, quedando acreditado, ó tenor do recollido nos mesmos, a súa capacidade de obrar e a ausencia de prohibicións de contratar. A maiores, compróbase a través do sistema de intermediación de datos, que se atópanse ó corrente de pagos coa Seguridade Social e coa AEAT, e de alta no imposto de actividades económicas.

En data 24/07/2025 a empresa licitadora Dña. Romina Laura Doce Blanco (77420503L) presenta instancia (CSV: J0S198IFJPR2JPKK), na que mostra a súa disconformidade coa puntuación acadada por dita empresa no informe de valoración técnica do sobre A, respecto do Lote 2, solicitando a súa revisión.

Tendo en conta o informe da xefa de xestión do Museo de data 28/07/2025 (CSV: PF28WPKR4NN1WB2S), en relación con dita solicitude, que conclúe o seguinte:

*“(…) En base o anteriormente exposto e tendo en conta que ROMINA LAURA DOCE BLANCO (77420503L) non argumenta nin motiva ningún feito que se considere con fundamento para separarse da valoración do informe inicial ou que aporte argumentos que sexan contrarios o recollido no dito informe os cales impliquen a súa modificación, máis alá dunha aportación subxectiva sobre a súa valoración, tal e como se indica no presente informe, e que se considera que as puntuacións outorgadas son acordes a proposta presentada pola empresa, compre sinalar que se reiteran as puntuacións recollidas no informe de valoración das ofertas técnicas (CSV):EWDJ7UD7A4X8TXWH, sendo as que indican a continuación:”*

|                                       | Desenvolvemento da creatividade nunha peza audiovisual de máximo 1 minuto de duración (ata 10 puntos) |                                                                                                                 | TOTAL |
|---------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------|
|                                       | Calidade técnica e orixinalidade dos traballos de conformidade cos criterios do PPT. (max. 10 puntos) | Innovación e capacidade de adaptación aos formatos de difusión e divulgación previstos no PPT. (max. 10 puntos) |       |
| ROMINA LAURA DOCE BLANCO (77420503 L) | 5,5                                                                                                   | 3                                                                                                               | 8,5   |

Os adxudicatarios propostos presentaron a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra mediante instancias xenéricas (REX\_WEB2025054048, de data 22/07/2025; e REX\_WEB2025055512, de data 30/07/2025), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e nos requirimentos. Constan no expediente a constitución das garantías definitivas polos importes de 583,05 € (carta de pago nº 12025000144423, de data 28/07/2025) e 637,00 € (carta de pago nº 12025000147590, de data 31/07/2025).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicárase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir do LOTE 2 (Grabación e edición de vídeos) ós licitadores “47 SEGUNDOS PRODUCCIONES, S.L.” (B06951750) e “ROMINA LAURA DOCE BLANCO” (77420503L), por non acadar o mínimo do 50% da puntuación máxima permitida no Sobre A, de conformidade co informe emitido polo Museo de Pontevedra, de data 10/07/2025 (CSV: EWDJ7UD7A4X8TXWH).

2.- Aceptar a proposta da Mesa de Contratación de data 17/07/2025, e adxudicar o contrato de “Servizo de reprodución fotográfica e vídeo para o Museo de Pontevedra”, dacordo coa seguinte distribución por Lotes, e polos seguintes prezos e valores ofertados:

LOTE 1 (Fotografía) – Romina Laura Doce Blanco (77420503L)

|                        |             |
|------------------------|-------------|
| Importe sen IVE        | 11.661,00 € |
| IVE (21%)              | 2.448,81 €  |
| Importe total ofertado | 14.109,81 € |

LOTE 2 (Grabación e edición de vídeos) - ÁRTABRA COMUNICACIÓN, S.L. (B70408869)

|                        |             |
|------------------------|-------------|
| Importe sen IVE        | 12.740,00 € |
| IVE (21%)              | 2.675,40 €  |
| Importe total ofertado | 15.415,40 € |

O contrato terá un prazo de duración dun (1) ano, a contar dende a data da súa formalización, prevéndose a posibilidade de 3 prórrogas anuais.

Financiación:

| Anualidade           | LOTE   | Aplicación orzamentaria | Importe total (co IVE) |
|----------------------|--------|-------------------------|------------------------|
| 2025 (01/08 - 31/12) | Lote 1 | 333.3330.227.06         | 5.879,09 €             |
|                      | Lote 2 |                         | 6.423,08 €             |
| 2026 (01/01 – 31/07) | Lote 1 |                         | 8.230,72 €             |
|                      | Lote 2 |                         | 8.992,32 €             |



En todo caso, os gastos que se deriven da execución deste contrato na anualidade 2026 quedarán condicionados á aprobación do respectivo orzamento e á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

Forma de pagamento: PARCIAL

Os pagos á empresa adxudicataria realizaranse contra a presentación das correspondentes facturas mensuais, unha vez validadas polo servizo xestor as prestacións executadas.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura:

As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

|                 |                                |                         |                  |                      |           |
|-----------------|--------------------------------|-------------------------|------------------|----------------------|-----------|
| Administración: | L02000036 (CIF:<br>P36000000H) |                         | Núm. de<br>exp.: | 2024069703           |           |
| Órgano xestor:  | LA0006116                      | Unidade<br>tramitadora: | LA0006135        | Oficina<br>contable: | LA0006135 |

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Cruz Farto Justo, Xefa do servizo de Xestión do Museo de Pontevedra.

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.



8.35542.-

SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS  
ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO PROXECTO DENOMINADO  
PR-RENOINN-2024-000360 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO  
+RENOVABLES I”(EXPTE.2024067518)

No expediente consta o informe do xefe de Servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

*“Á vista da notificación da Resolución Definitiva de concesión de subvencións, remitida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, de data 01/08/2025 e rexistro de entrada número: 2025015332, con destino ao proxecto PR-RENOINN-2024-000360 “Concellos Reto Demográfico +Renovables I; nos municipios de Pazos de Borbén, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo e Valga”, e co obxecto de presentar a solicitude de modificación da resolución de concesión para a ampliación do prazo de execución do referido proxecto, o xefe do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:*

ANTECEDENTES

- O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico publicou a Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como a implantación de sistemas térmicos renovables (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS).
- O artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na defensa dos intereses peculiares da provincia.
- Neste marco de colaboración, mediante Resolución Presidencial número RP2024008802 de data 14/11/2024, emendada posteriormente pola Resolución Presidencial número RP2025002311 de data 26/03/2025, a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas do proxecto “Concellos Reto Demográfico +Renovables I nos municipios de Pazos de Borbén, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo e Valga” ante o IDAE; no marco do “Programa 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables” definida no anexo II da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo. En data 18/11/2024 preséntase ante o IDAE o citado proxecto; asignándosele o rexistro núm. 202400034859 e código número PR-RENOINN-2024-000360.
- En data 24/03/2025 publícase o Acordo do Secretario de Estado de Enerxía e Presidente de E.P.E Instituto para a Diversificación e Aforro de Enerxía (IDAE), M.P., pola que se amplía o prazo para resolver e notificar a resolución da primeira convocatoria do Programa Enerxías Renovables Innovadoras, por un prazo de seis meses máis a contar desde o día seguinte ao 30 de marzo de 2025.
- Tras a avaliación do citado proxecto, en data 02/07/2025 recíbese aviso de publicación da Proposta de Resolución Definitiva do Director Xeral do IDAE na que se admite a solicitude, e propónse a concesión da axuda coa adxudicación do orzamento con cargo a NextGenerationEU polo seguinte importe:

| PR-RENOINN-2024-000360<br>“CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO<br>+RENOVABLES I” |              |
|-------------------------------------------------------------------------|--------------|
| INVESTIMENTO TOTAL (IVE<br>incluído)                                    | AXUDA IDAE   |
| 884.182,33 €                                                            | 501.029,40 € |



Nas “Condicións e termos da concesión da axuda” indícase que a Proposta de Resolución Definitiva, non xera dereito algún a favor do beneficiario (provisional) fronte á Administración. Ademais, establece que no prazo de dez días a contar desde o seguinte ao de publicación na sede electrónica do IDAE desta Proposta de Resolución Definitiva, as entidades solicitantes que figuren na Táboa 1 do Anexo II deberán comunicar a súa aceptación da mesma ao órgano instructor.

- En data 07/07/2025, realízase a aceptación da Proposta da Resolución Definitiva por vía telemática, mediante o formulario previsto para ese efecto, accedendo co certificado do representante legal da Deputación de Pontevedra á sede electrónica do IDAE.
- En data 08/07/2025 envíase comunicación ao IDAE mediante correo electrónico na que se informa da intención da Deputación de iniciar a licitación dos traballos de redacción dos proxectos de execución e dirección das obras, valorando facelo mediante “tramitación anticipada de gastos”. Explicase nos correos electrónicos que ao ser fondos NEXT GENERATION é necesario a obtención do CRO (Código de Referencia de Operación) para levar a cabo a análise de conflitos de interese polo que sería necesario ter acceso aos expedientes a través de CoFFEE e solicítase dispoñer do acceso ao proxecto a través de CoFFEE o máis axiña posible.  
Esta petición foi reiterada en varios correos electrónicos, enviados ao IDAE entre o 08/07/2025 e o 31/07/2025. Finalmente, en data 04/08/2025 o subproxecto o “Programa RENOINN – Deputación de Pontevedra” aparece na plataforma CoFFEE con estado “revisado” para poder introducir as actuacións e contratos asociados.
- En data 31/07/2025 a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025, adoptou, entre outros, o acordo de Aceptación da Proposta de Resolución Definitiva de concesión de axuda polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto PR-RENOINN-2024-000360 “Concellos Reto Demográfico +Renovables I; nos municipios de Pazos de Borbén, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo e Valga” e concesión da axuda comprometida pola deputación ao seu abeiro aos concellos beneficiarios (expte. 2024067518).
- En data 01/08/2025, e rexistro de entrada número: 2025015332, recíbese a notificación da Resolución do Secretario de Estado de Enerxía e Presidente de E.P.E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), M.P., pola que se aproba a concesión de axudas correspondentes á “Primeira Convocatoria dos programas de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías Renovables Innovadoras) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”, con destino ao proxecto PR-RENOINN-2024-000360.
- Na antedita Resolución Definitiva, no seu apartado Sexto “Condicións e termos da concesión da axuda” referido á realización das actuacións, indícase que segundo o artigo 20 das bases reguladoras, o prazo máximo para a realización das actuacións obxecto de axuda será o establecido na convocatoria, cun máximo do 31 de marzo de 2026, e computarase a partir da data de notificación da resolución favorable de concesión de axuda. Segundo se establécese na disposición duodécima da resolución de modificación da convocatoria, as instalacións deberán atoparse completamente finalizadas e operativas antes do 31 de marzo de 2026, ou no prazo máximo que se determinase, no caso de que tivese lugar, unha ampliación de prazos na normativa reguladora do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Así mesmo indícase, no apartado 2 “Xustificación da realización da actuación” que a xustificación por parte dos beneficiarios da realización das actuacións que conformen o proxecto deberá realizarse ante o Órgano Instructor no prazo máximo de tres (3) meses, contados a partir da data en que expire o prazo máximo outorgado para a execución das instalacións obxecto da axuda, segundo establece o artigo 21 das bases reguladoras.
- O obxecto do proxecto consiste en incentivar o autoconsumo en aras de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio ambiente coa subsecuente redución de emisións de CO<sub>2</sub>, así como un custo enerxético máis económico para os consumidores da zona.



- Na Memoria Técnica do citado proxecto, aprobada polo IDAE, contéplase un prazo de execución de 15 meses; para o que se estima como data de inicio o 01/10/2024 e como data de finalización o 31/12/2025.
- Debemos ter en conta que de conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 18 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, o prazo máximo para resolver e notificar o procedemento vencía o 30/03/2025 e que dito prazo foi ampliado polo propio IDAE en 6 meses máis a contar desde o día seguinte ao 30/03/2025. Neste contexto, a notificación da Resolución Definitiva da concesión da axuda foi realizada o 01/08/2025; polo que se produciu unha demora de cinco (5) meses desde a data inicialmente prevista para resolver o expediente ata a data na que finalmente se notificou a Resolución Definitiva de concesión da axuda.
- Tamén debemos ter en conta que sendo a intención desta Deputación iniciar a licitación dos traballos de redacción dos proxectos de execución e dirección das obras mediante “tramitación anticipada de gastos”; non se puido obter o CRO (Código de Referencia de Operación) para levar a cabo a análise de conflitos de interese ata o 04/08/2025 posto que non estaba en estado “Revisado” na plataforma CoFFEE o subproxecto “Programa RENOINN – Deputación de Pontevedra”.
- Non obstante, e coa finalidade de axilizar o procedemento de contratación dos traballos de redacción dos proxectos de execución, en data 01/08/2025 iníciase o procedemento de formalización do correspondente Contrato derivado do Lote 2 “Proxectos de enxeñería civil e arquitectura” do Acordo Marco para a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a s presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiados con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- En relación coa contratación da “Subministración e execución dos traballos de instalación e posta en funcionamento de varias instalacións de enerxía solar fotovoltaica con almacenamento para autoconsumo correspondentes aos expedientes de axuda cos números PRRENOINN2024-000360, PR-RENOINN2024-000362, PR-RENOINN2024-000364, PRRENOINN2024-000142 e PR-RENOINN2024-000245 no marco do PRTR”, publicouse o día 29/07/2025 na Plataforma de Contratación do Sector Público o correspondente anuncio de información previa.
- Esta situación imprevista provocou atraso nos traballos de planificación das contratacións administrativas necesarias para executar o citado proxecto.
- Ante a demora acumulada, co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda e así cumprir co seu obxectivo, e sen prexudicar os intereses de terceiras persoas, é aconsellable a ampliación do prazo en cinco (5) meses máis, polo que queda reflectida na seguinte táboa a data máxima para levar a cabo os traballos relativos á execución do proxecto:

| PR-RENOINN-2024-000360<br>“Concellos Reto Demográfico +Renovables I; nos municipios de Pazos de Borbén, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo e Valga” |                   |                              |                                                   |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|------------------------------|---------------------------------------------------|
| Data de solicitude                                                                                                                                                                            | Data de concesión | Data límite para a execución | Data límite para a execución logo da modificación |
| 18/11/2024                                                                                                                                                                                    | 01/08/2025        | 31/03/2026                   | 31/08/2026                                        |



- *A ampliación do prazo de execución do proxecto en cinco (5) meses máis non afecta aos obxectivos perseguidos pola axuda concedida nin aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, nin prexudica os intereses de terceiras persoas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido na Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras) e a Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria.*
- *A solicitude de modificación é previa á data de conclusión do prazo para realizar a actividade.*
- *Conforme ao recollido no artigo 214 do TRLRHL, solicítase á Intervención da Deputación de Pontevedra o correspondente informe.*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Réxime xurídico

- *Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.*
- *Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías renovables innovadoras) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.*
- *Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia*
- *Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*
- *Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro: Seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos do PRTR.*
- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).*
- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).*
- *Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).*
- *Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.*

### Consideracións xurídicas

#### Instrución do expediente

- *De conformidade co previsto no artigo 19 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, cando xuridan circunstancias concretas, entre elas especificamente a necesidade de prolongación do prazo para a realización das actuacións ou a posibilidade de efectuar modificacións internas nos custos inicialmente orzamentados que excepcionalmente, alteren de forma obxectiva as condicións técnicas, económicas ou de prazo tidas en conta para a concesión da axuda, poderase solicitar a modificación da citada resolución de concesión.*



- De conformidade co artigo 64 Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, unha vez recaída a resolución de concesión o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido se concorren as circunstancias previstas para tales efectos nas bases reguladoras, tal como se establece no artigo 17.3.l da lei, o que se poderá autorizar sempre que non se danen dereitos de terceiras persoas. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para realizar a actividade.
- Tendo en conta o artigo 32 da LPACAP, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento das persoas interesadas, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade destes, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiras persoas. O acordo de ampliación deberá notificárselles ás persoas interesadas. Tanto a petición destas coma a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.
- Segundo o artigo 34.1.f da LRBRL a competencia para realizar os trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10 % dos recursos ordinarios do Orzamento, ou pola Xunta de Goberno.
- Segundo o artigo 36.1.d da LRBRL é competencia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.

#### *Petición e evacuación de informes*

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigos 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.
- Base 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

#### *Resolución do expediente*

- De conformidade co previsto no artigo 19.3 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, a solicitude de modificación acompañarase dunha memoria na que se expoñerán os motivos da modificación e xustificarase a imposibilidade de cumprir as condicións impostas na resolución de concesión, e o cumprimento dos requisitos.
- Segundo o artigo 19.1 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, os requisitos a cumprir son que a modificación solicitada non afecte os obxectivos perseguidos coa axuda, aos seus aspectos fundamentais, á determinación do beneficiario, nin prexudique dereitos de terceiros, que a modificación solicitada obedezga a causa ou causas sobrevividas e excepcionais, que non puideron preverse no momento da solicitude, que non supoña un incremento da subvención concedida, que a solicitude da modificación realicese, polo menos, tres meses antes da finalización do prazo de execución do proxecto, e sexa aceptada expresamente polo titular do órgano que ditou a resolución de concesión, que a modificación non afecte o cumprimento do principio DNSH, que non comprometa o cumprimento dos fitos e obxectivos ou requisitos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia así como os requisitos que se determinen adicionalmente nas convocatorias, sempre que non contradigan o establecido na presente Orde de Bases.



- En virtude do establecido na base 16.ª.2 das Bases de execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e mais no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

#### Conclusións:

O 01/08/2025, con número de rexistro 2025015332, recibíuse a notificación da Resolución Definitiva para a concesión de axudas ao proxecto PR-RENOINN-2024-000360 “Concellos Reto Demográfico +Renovables I; nos municipios de Pazos de Borbén, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo e Valga” correspondentes á “Primeira Convocatoria dos programas de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías Renovables Innovadoras) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”, por un importe de 501.029,40 euros, cuxo orzamento total é de 884.182,33 euros.

Na Memoria Técnica deste proxecto, aprobada polo IDAE, contéplase un prazo de execución de 15 meses; dende o 01/10/2024 ao 31/12/2025.

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025, adoptou, entre outros, o acordo de Aceptación da Proposta de Resolución Definitiva de concesión de axuda polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto PR-RENOINN-2024-000360 “Concellos Reto Demográfico +Renovables I; nos municipios de Pazos de Borbén, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo e Valga” e concesión da axuda comprometida pola deputación ao seu abeiro aos concellos beneficiarios (expte. 2024067518).

Tendo en conta que o IDAE se demorou na resolución definitiva dos expedientes de axudas da convocatoria citada, resolución que se emitiu o 01/08/2025, xerouse unha demora no inicio da execución do proxecto de cinco (5) meses dende a data inicialmente prevista.

Por outra banda, a pesar de solicitarse con rapidez o acceso ao subproxecto “Programa RENOINN – Deputación de Pontevedra” na plataforma CoFFEE, non se obtivo o estado “Revisado” ata o 04/08/2025, polo que non foi posible a formalización dos contratos administrativos necesario para a execución do citado proxecto.

Esta situación imprevista está a producir demoras no calendario de execución dos traballos, o que imposibilitou que se cumpran as condicións da resolución de concesión do proxecto.

Ante a demora acumulada, e co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda, é aconsellable a ampliación do prazo en cinco (5) meses máis, polo que queda reflectida na seguinte táboa a data máxima para executar os traballos:

| PR-RENOINN-2024-000360<br>“Concellos Reto Demográfico +Renovables I; nos municipios de Pazos de Borbén,<br>Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo<br>e Valga” |                      |                                 |                                                         |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|---------------------------------|---------------------------------------------------------|
| Data de<br>solicitude                                                                                                                                                                               | Data de<br>concesión | Data límite para a<br>execución | Data límite para a<br>execución logo da<br>modificación |
| 18/11/2024                                                                                                                                                                                          | 01/08/2025           | 31/03/2026                      | 31/08/2026                                              |



*Esta ampliación do prazo de execución non lles afecta aos obxectivos perseguidos pola axuda concedida nin afecta aos aspectos fundamentais das actuacións propostas nin prexudica os intereses de terceiras persoas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido na Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras) e na Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria. Ademais, a solicitude de modificación é previa á data de conclusión do prazo para a realización da actividade.*

*Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para garantir a correcta execución é necesaria a ampliación do prazo máximo de execución do proxecto “PR-RENOINN-2024-000360 Concellos Reto Demográfico +Renovables I” en cinco (5) meses adicionais; polo que se establece a nova data máxima para a súa execución que se indica na táboa anterior: 31/08/2026. En consecuencia, a solicitude de ampliación é previa á finalización do prazo máximo establecido para executar o proxecto “PR-RENOINN-2024-000360 Concellos Reto Demográfico +Renovables I”.*

*Nesta mesma liña conclúese que a concesión da ampliación do prazo para a execución do antedito proxecto, que ten como finalidade incentivar o autoconsumo en aras de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio ambiente coa subsecuente redución de emisións de CO<sub>2</sub>, así como un custo enerxético máis económico para os consumidores da zona.*

*Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propoño a modificación do prazo de execución das actuacións obxecto de axuda do proxecto denominado PR-RENOINN-2024-000360 “Concellos Reto Demográfico +Renovables I”.*

### RÉXIME COMPETENCIAL

*En virtude do establecido na base 16<sup>a</sup>.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno. Este informe non ten carácter vinculante, de feito, que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.*

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica*

*O xefe do Servizo de Cooperación*

*(Por substitución, o xefe de sección de Iniciativas Comunitarias,*

*segundo R.P. nº 2025005838, de 9 de xullo de 2025)*

*José Antonio Piñeiro Sineiro”.*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do Xefe do Servizo de Cooperación de data 08/08/2025, e da Intervención Provincial de data 08/08/2025, a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade

- Solicitar ao Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) a modificación do prazo máximo do 31/03/2026, establecido na resolución de concesión da axuda, para a execución das actuacións obxecto da axuda do proxecto PR-RENOINN-2024-000360 “Concellos Reto Demográfico +Renovables I; nos municipios de Pazos de Borbén, Cerdado-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo e Valga”, en cinco (5) meses adicionais; ampliándose, deste xeito, o prazo máximo para a realización do citado proxecto segundo o recollido na seguinte táboa:



| PR-RENOINN-2024-000360<br>“Concellos Reto Demográfico +Renovables I; nos municipios de Pazos de Borbén, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo e Valga” |                   |                              |                                                   |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|------------------------------|---------------------------------------------------|
| Data de solicitude                                                                                                                                                                            | Data de concesión | Data límite para a execución | Data límite para a execución logo da modificación |
| 18/11/2024                                                                                                                                                                                    | 01/08/2025        | 31/03/2026                   | 31/08/2026                                        |

- Darlle traslado do presente acordo ó *Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía* (IDAE), á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

9.35543.- SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO PROXECTO DENOMINADO PR-RENOINN-2024-000362 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES IP”(EXPTE.2024067518)

No expediente consta o informe do xefe de Servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

“Á vista da notificación da Resolución Definitiva de concesión de subvencións, remitida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, de data 01/08/2025 e rexistro de entrada número: 2025015335, con destino ao proxecto PR-RENOINN-2024-000362 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES II; nos municipios de Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa, Caldas de Reis, Campo Lameiro e As Neves”, e co obxecto de presentar a solicitude de modificación da resolución de concesión para a ampliación do prazo de execución do referido proxecto, o xefe do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:

#### ANTECEDENTES

- O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico publicou a Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como a implantación de sistemas térmicos renovables (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS).
- O artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na defensa dos intereses peculiares da provincia.
- Neste marco de colaboración, mediante Resolución Presidencial número RP2024008803 de data 14/11/2024, emendada posteriormente pola Resolución Presidencial número RP2025002309 de data 26/03/2025, a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas do proxecto “Concellos Reto Demográfico +Renovables II; nos municipios de Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa, Caldas de Reis, Campo Lameiro e As Neves” ante o IDAE; no marco do “Programa 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables” definida no anexo II da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo. En data 18/11/2024 preséntase ante o IDAE o citado proxecto; asignándosele o rexistro núm. 202400034858 e código número PR-RENOINN-2024-000362.
- En data 24/03/2025 publícase o Acordo do Secretario de Estado de Enerxía e Presidente de E.P.E Instituto para a Diversificación e Aforro de Enerxía (IDAE), M.P., pola que se amplía o prazo para resolver e notificar a resolución da primeira convocatoria do Programa Enerxías Renovables Innovadoras, por un prazo de seis meses máis a contar desde o día seguinte ao 30 de marzo de 2025.



- Tras a avaliación do citado proxecto, en data 02/07/2025 recíbese aviso de publicación da Proposta de Resolución Definitiva do Director Xeral do IDAE na que se admite a solicitude, e propónse a concesión da axuda coa adxudicación do orzamento con cargo a NextGenerationEU polo seguinte importe:

| PR-RENOINN-2024-000362<br>“CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO<br>+RENOVABLES II” |              |
|--------------------------------------------------------------------------|--------------|
| INVESTIMENTO TOTAL (IVE<br>incluído)                                     | AXUDA IDAE   |
| 986.504,89 €                                                             | 557.621,85 € |

Nas “Condicións e termos da concesión da axuda” indícase que a Proposta de Resolución Definitiva, non xera dereito algún a favor do beneficiario (provisional) fronte á Administración. Ademais, establece que no prazo de dez días a contar desde o seguinte ao de publicación na sede electrónica do IDAE desta Proposta de Resolución Definitiva, as entidades solicitantes que figuren na Táboa 1 do Anexo II deberán comunicar a súa aceptación da mesma ao órgano instructor.

- En data 07/07/2025, realízase a aceptación da Proposta da Resolución Definitiva por vía telemática, mediante o formulario previsto para ese efecto, accedendo co certificado do representante legal da Deputación de Pontevedra á sede electrónica do IDAE.
- En data 08/07/2025 envíase comunicación ao IDAE mediante correo electrónico na que se informa da intención da Deputación de iniciar a licitación dos traballos de redacción dos proxectos de execución e dirección das obras, valorando facelo mediante “tramitación anticipada de gastos”. Explicase nos correos electrónicos que ao ser fondos NEXT GENERATION é necesario a obtención do CRO (Código de Referencia de Operación) para levar a cabo a análise de conflitos de interese polo que sería necesario ter acceso aos expedientes a través de CoFFEE e solicítase dispoñer do acceso ao proxecto a través de CoFFEE o máis axiña posible.  
Esta petición foi reiterada en varios correos electrónicos, enviados ao IDAE entre o 08/07/2025 e o 31/07/2025. Finalmente, en data 04/08/2025 o subproxecto o “Programa RENOINN – Deputación de Pontevedra” aparece na plataforma CoFFEE con estado “revisado” para poder introducir as actuacións e contratos asociados.
- En data 31/07/2025 a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025, adoptou, entre outros, o acordo de Aceptación da Proposta de Resolución Definitiva de concesión de axuda polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto PR-RENOINN-2024-000362 “Concellos Reto Demográfico +Renovables II; nos municipios de Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa, Caldas de Reis, Campo Lameiro e As Neves” e concesión da axuda comprometida pola deputación ao seu abeiro aos concellos beneficiarios (expte. 2024067518).
- En data 01/08/2025, e rexistro de entrada número: 2025015335, recíbese a notificación da Resolución do Secretario de Estado de Enerxía e Presidente de E.P.E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), M.P., pola que se aproba a concesión de axudas correspondentes á “Primeira Convocatoria dos programas de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías Renovables Innovadoras) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”, con destino ao proxecto PR-RENOINN-2024-000362.



- Na antedita Resolución Definitiva, no seu apartado Sexto “Condicións e termos da concesión da axuda” referido á realización das actuacións, indícase que segundo o artigo 20 das bases reguladoras, o prazo máximo para a realización das actuacións obxecto de axuda será o establecido na convocatoria, cun máximo do 31 de marzo de 2026, e computarase a partir da data de notificación da resolución favorable de concesión de axuda. Segundo se establece na disposición duodécima da resolución de modificación da convocatoria, as instalacións deberán atoparse completamente finalizadas e operativas antes do 31 de marzo de 2026, ou no prazo máximo que se determinase, no caso de que tivese lugar, unha ampliación de prazos na normativa reguladora do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Así mesmo indícase, no apartado 2 “Xustificación da realización da actuación” que a xustificación por parte dos beneficiarios da realización das actuacións que conformen o proxecto deberá realizarse ante o Órgano Instrutor no prazo máximo de tres (3) meses, contados a partir da data en que expire o prazo máximo outorgado para a execución das instalacións obxecto da axuda, segundo establece o artigo 21 das bases reguladoras.
- O obxecto do proxecto consiste en incentivar o autoconsumo en aras de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio ambiente coa subsecuente redución de emisións de CO<sub>2</sub>, así como un custo enerxético máis económico para os consumidores da zona.
- Na Memoria Técnica do citado proxecto, aprobada polo IDAE, contéplase un prazo de execución de 15 meses; para o que se estima como data de inicio o 01/10/2024 e como data de finalización o 31/12/2025.
- Debemos ter en conta que de conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 18 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, o prazo máximo para resolver e notificar o procedemento vencia o 30/03/2025 e que dito prazo foi ampliado polo propio IDAE en 6 meses máis a contar desde o día seguinte ao 30/03/2025. Neste contexto, a notificación da Resolución Definitiva da concesión da axuda foi realizada o 01/08/2025; polo que se produciu unha demora de cinco (5) meses desde a data inicialmente prevista para resolver o expediente ata a data na que finalmente se notificou a Resolución Definitiva de concesión da axuda.
- Tamén debemos ter en conta que sendo a intención desta Deputación iniciar a licitación dos traballos de redacción dos proxectos de execución e dirección das obras mediante “tramitación anticipada de gastos”; non se puido obter o CRO (Código de Referencia de Operación) para levar a cabo a análise de conflitos de interese ata o 04/08/2025 posto que non estaba en estado “Revisado” na plataforma CoFFEE o subproxecto “Programa RENOINN – Deputación de Pontevedra”.
- Non obstante, e coa finalidade de axilizar o procedemento de contratación dos traballos de redacción dos proxectos de execución, en data 01/08/2025 iníciase o procedemento de formalización do correspondente Contrato derivado do Lote 2 “Proxectos de enxeñería civil e arquitectura” do Acordo Marco para a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a s presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiados con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- En relación coa contratación da “Subministración e execución dos traballos de instalación e posta en funcionamento de varias instalacións de enerxía solar fotovoltaica con almacenamento para autoconsumo correspondentes aos expedientes de axuda cos números PRRENOINN2024-000360, PR-RENOINN2024-000362, PR-RENOINN2024-000364, PRRENOINN2024-000142 e PR-RENOINN2024-000245 no marco do PRTR”, publicouse o día 29/07/2025 na Plataforma de Contratación do Sector Público o correspondente anuncio de información previa.
- Esta situación imprevista provoca atraso nos traballos de planificación das contratacións administrativas necesarias para executar o citado proxecto.



- Ante a demora acumulada, co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda e así cumprir co seu obxectivo, e sen prexudicar os intereses de terceiras persoas, é aconsellable a ampliación do prazo en cinco (5) meses máis, polo que queda reflectida na seguinte táboa a data máxima para levar a cabo os traballos relativos á execución do proxecto:

| PR-RENOINN-2024-000362<br>“Concellos Reto Demográfico +Renovables II; nos municipios de Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa, Caldas de Reis, Campo Lameiro e As Neves” |                   |                              |                                                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|------------------------------|---------------------------------------------------|
| Data de solicitude                                                                                                                                                                                     | Data de concesión | Data límite para a execución | Data límite para a execución logo da modificación |
| 18/11/2024                                                                                                                                                                                             | 01/08/2025        | 31/03/2026                   | 31/08/2026                                        |

- A ampliación do prazo de execución do proxecto en cinco (5) meses máis non afecta aos obxectivos perseguidos pola axuda concedida nin aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, nin prexudica os intereses de terceiras persoas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido na Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras) e a Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria.
- A solicitude de modificación é previa á data de conclusión do prazo para realizar a actividade.
- Conforme ao recollido no artigo 214 do TRLRHL, solicítase á Intervención da Deputación de Pontevedra o correspondente informe.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Réxime xurídico

- Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.
- Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías renovables innovadoras) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.
- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro: Seguimento do cumprimento de fíto e obxectivos do PRTR.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

### Consideracións xurídicas

#### *Instrución do expediente*

- De conformidade co previsto no artigo 19 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, cando xurdan circunstancias concretas, entre elas especificamente a necesidade de prolongación do prazo para a realización das actuacións ou a posibilidade de efectuar modificacións internas nos custos inicialmente orzamentados que excepcionalmente, alteren de forma obxectiva as condicións técnicas, económicas ou de prazo tidas en conta para a concesión da axuda, poderase solicitar a modificación da citada resolución de concesión.
- De conformidade co artigo 64 Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, unha vez recaída a resolución de concesión o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido se concorren as circunstancias previstas para tales efectos nas bases reguladoras, tal como se establece no artigo 17.3.1 da lei, o que se poderá autorizar sempre que non se danen dereitos de terceiras persoas. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para realizar a actividade.
- Tendo en conta o artigo 32 da LPACAP, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento das persoas interesadas, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade destes, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiras persoas. O acordo de ampliación deberá notificárselles ás persoas interesadas. Tanto a petición destas coma a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.
- Segundo o artigo 34.1.f da LRBRL a competencia para realizar os trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10 % dos recursos ordinarios do Orzamento, ou pola Xunta de Goberno.
- Segundo o artigo 36.1.d da LRBRL é competencia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.

#### *Petición e evacuación de informes*

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.
- Base 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.



- *Artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

#### *Resolución do expediente*

- *De conformidade co previsto no artigo 19.3 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, a solicitude de modificación acompañarase dunha memoria na que se expoñerán os motivos da modificación e xustificarase a imposibilidade de cumprir as condicións impostas na resolución de concesión, e o cumprimento dos requisitos.*
- *Segundo o artigo 19.1 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, os requisitos a cumprir son que a modificación solicitada non afecte os obxectivos perseguidos coa axuda, aos seus aspectos fundamentais, á determinación do beneficiario, nin prexudique dereitos de terceiros, que a modificación solicitada obedezga a causa ou causas sobrevindas e excepciónais, que non puideron preverse no momento da solicitude, que non supoña un incremento da subvención concedida, que a solicitude da modificación realícese, polo menos, tres meses antes da finalización do prazo de execución do proxecto, e sexa aceptada expresamente polo titular do órgano que ditou a resolución de concesión, que a modificación non afecte o cumprimento do principio DNSH, que non comprometa o cumprimento dos fitos e obxectivos ou requisitos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia así como os requisitos que se determinen adicionalmente nas convocatorias, sempre que non contradigan o establecido na presente Orde de Bases.*
- *En virtude do establecido na base 16.ª.2 das Bases de execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e mais no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*

#### *Conclusiones:*

*O 01/08/2025, con número de rexistro 2025015335, recibíuse a notificación da Resolución Definitiva para a concesión de axudas ao proxecto PR-RENOINN-2024-000362 “Concellos Reto Demográfico +Renovables II; nos municipios de Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa, Caldas de Reis, Campo Lameiro e As Neves” correspondentes á “Primeira Convocatoria dos programas de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías Renovables Innovadoras) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”, por un importe de 557.621,85 euros, cuxo orzamento total é de 986.504,89 euros.*

*Na Memoria Técnica deste proxecto, aprobada polo IDAE, contéplase un prazo de execución de 15 meses; dende o 01/10/2024 ao 31/12/2025.*

*A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025, adoptou, entre outros, o acordo de Aceptación da Proposta de Resolución Definitiva de concesión de axuda polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto PR-RENOINN-2024-000362 “Concellos Reto Demográfico +Renovables II; nos municipios de Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa, Caldas de Reis, Campo Lameiro e As Neves” e concesión da axuda comprometida pola deputación ao seu abeiro aos concellos beneficiarios (expte. 2024067518).*

*Tendo en conta que o IDAE se demorou na resolución definitiva dos expedientes de axudas da convocatoria citada, resolución que se emitiu o 01/08/2025, xerouse unha demora no inicio da execución do proxecto de cinco (5) meses dende a data inicialmente prevista.*

*Por outra banda, a pesar de solicitarse con rapidez o acceso ao subproxecto “Programa RENOINN – Deputación de Pontevedra” na plataforma CoFFEE, non se obtivo o estado “Revisado” ata o 04/08/2025, polo que non foi posible a formalización dos contratos administrativos necesario para a execución do citado proxecto.*

*Esta situación imprevista está a producir demoras no calendario de execución dos traballos, o que imposibilitou que se cumpran as condicións da resolución de concesión do proxecto.*



*Ante a demora acumulada, e co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda, é aconsellable a ampliación do prazo en cinco (5) meses máis, polo que queda reflectida na seguinte táboa a data máxima para executar os traballos:*

| PR-RENOINN-2024-000362<br>“Concellos Reto Demográfico +Renovables II; nos municipios de Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa, Caldas de Reis, Campo Lameiro e As Neves” |                   |                              |                                                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|------------------------------|---------------------------------------------------|
| Data de solicitude                                                                                                                                                                                     | Data de concesión | Data límite para a execución | Data límite para a execución logo da modificación |
| 18/11/2024                                                                                                                                                                                             | 01/08/2025        | 31/03/2026                   | 31/08/2026                                        |

*Esta ampliación do prazo de execución non lles afecta aos obxectivos perseguidos pola axuda concedida nin afecta aos aspectos fundamentais das actuacións propostas nin prexudica os intereses de terceiras persoas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido na Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras) e na Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria.*

*Ademais, a solicitude de modificación é previa á data de conclusión do prazo para a realización da actividade. Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para garantir a correcta execución é necesaria a ampliación do prazo máximo de execución do proxecto “PR-RENOINN-2024-000362 Concellos Reto Demográfico +Renovables II” en cinco (5) meses adicionais; polo que se establece a nova data máxima para a súa execución que se indica na táboa anterior: 31/08/2026.*

*En consecuencia, a solicitude de ampliación é previa á finalización do prazo máximo establecido para executar o proxecto “PR-RENOINN-2024-000362 Concellos Reto Demográfico +Renovables II”.*

*Nesta mesma liña conclúese que a concesión da ampliación do prazo para a execución do antedito proxecto, que ten como finalidade incentivar o autoconsumo en aras de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio ambiente coa subsecuente redución de emisións de CO<sub>2</sub>, así como un custo enerxético máis económico para os consumidores da zona.*

*Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a modificación do prazo de execución das actuacións obxecto de axuda do proxecto denominado PR-RENOINN-2024-000362 “Concellos Reto Demográfico +Renovables II”.*

#### RÉXIME COMPETENCIAL

*En virtude do establecido na base 16<sup>a</sup>.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*

*Este informe non ten carácter vinculante, de feito, que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.*

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica*

*O xefe do Servizo de Cooperación*

*(Por substitución, o xefe de sección de Iniciativas Comunitarias,  
segundo R.P. nº 2025005838, de 9 de xullo de 2025)*

*José Antonio Piñeiro Sineiro”.*



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do Xefe do Servizo de Cooperación de data 08/08/2025, e da Intervención Provincial de data 08/08/2025, a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

- Solicitar ao *Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE)* a modificación do prazo máximo do 31/03/2026, establecido na resolución de concesión da axuda, para a execución das actuacións obxecto da axuda do proxecto PR-RENOINN-2024-000362 “*Concellos Reto Demográfico +Renovables II; nos municipios de Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa, Caldas de Reis, Campo Lameiro e As Neves*”, en cinco (5) meses adicionais; ampliándose, deste xeito, o prazo máximo para a realización do citado proxecto segundo o recollido na seguinte táboa:

| PR-RENOINN-2024-000362<br>“Concellos Reto Demográfico +Renovables II; nos municipios de<br>Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa,<br>Caldas de Reis, Campo Lameiro e As Neves” |                      |                                 |                                                         |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|---------------------------------|---------------------------------------------------------|
| Data de<br>solicitude                                                                                                                                                                                        | Data de<br>concesión | Data límite para a<br>execución | Data límite para a<br>execución logo da<br>modificación |
| 18/11/2024                                                                                                                                                                                                   | 01/08/2025           | 31/03/2026                      | 31/08/2026                                              |

- Darlle traslado do presente acordo ó *Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE)*, á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

10.35544.- SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO PROXECTO DENOMINADO PR-RENOINN-2024-000364 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES III” (EXPTE.2024067518)

No expediente consta o informe do xefe de Servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

“*Á vista da notificación da Resolución Definitiva de concesión de subvencións, remitida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, de data 01/08/2025 e rexistro de entrada número: 2025015333, con destino ao proxecto PR-RENOINN-2024-000364 “Concellos Reto Demográfico +Renovables III; nos municipios de Mondariz-Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Bueu e Sanxenxo”, e co obxecto de presentar a solicitude de modificación da resolución de concesión para a ampliación do prazo de execución do referido proxecto, o xefe do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:*

#### ANTECEDENTES

- O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico publicou a Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como a implantación de sistemas térmicos renovables (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS).



- O artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na defensa dos intereses peculiares da provincia.
- Neste marco de colaboración, mediante Resolución Presidencial número RP2024008803 de data 14/11/2024, emendada posteriormente pola Resolución Presidencial número RP2025002310 de data 26/03/2025, a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas do proxecto “Concellos Reto Demográfico +Renovables III; nos municipios de Mondariz-Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Bueu e Sanxenxo” ante o IDAE; no marco do “Programa 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables” definida no anexo II da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo. En data 18/11/2024 preséntase ante o IDAE o citado proxecto; asignándosele o rexistro núm. 202400034861 e código número PR-RENOINN-2024-000364.
- En data 24/03/2025 publícase o Acordo do Secretario de Estado de Enerxía e Presidente de E.P.E Instituto para a Diversificación e Aforro de Enerxía (IDAE), M.P., pola que se amplía o prazo para resolver e notificar a resolución da primeira convocatoria do Programa Enerxías Renovables Innovadoras, por un prazo de seis meses máis a contar desde o día seguinte ao 30 de marzo de 2025.
- Tras a avaliación do citado proxecto, en data 02/07/2025 recíbese aviso de publicación da Proposta de Resolución Definitiva do Director Xeral do IDAE na que se admite a solicitude, e propónse a concesión da axuda coa adxudicación do orzamento con cargo a NextGenerationEU polo seguinte importe:

| PR-RENOINN-2024-000364<br>“CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO<br>+RENOVABLES III” |              |
|---------------------------------------------------------------------------|--------------|
| INVESTIMENTO TOTAL (IVE<br>incluído)                                      | AXUDA IDAE   |
| 909.232,72 €                                                              | 515.524,00 € |

Nas “Condições e termos da concesión da axuda” indícase que a Proposta de Resolución Definitiva, non xera dereito algún a favor do beneficiario (provisional) fronte á Administración. Ademais, establece que no prazo de dez días a contar desde o seguinte ao de publicación na sede electrónica do IDAE desta Proposta de Resolución Definitiva, as entidades solicitantes que figuren na Táboa 1 do Anexo II deberán comunicar a súa aceptación da mesma ao órgano instrutor.

- En data 07/07/2025, realízase a aceptación da Proposta da Resolución Definitiva por vía telemática, mediante o formulario previsto para ese efecto, accedendo co certificado do representante legal da Deputación de Pontevedra á sede electrónica do IDAE.
- En data 08/07/2025 envíase comunicación ao IDAE mediante correo electrónico na que se informa da intención da Deputación de iniciar a licitación dos traballos de redacción dos proxectos de execución e dirección das obras, valorando facelo mediante “tramitación anticipada de gastos”. Explicase nos correos electrónicos que ao ser fondos NEXT GENERATION é necesario a obtención do CRO (Código de Referencia de Operación) para levar a cabo a análise de conflitos de interese polo que sería necesario ter acceso aos expedientes a través de CoFFEE e solicítase dispoñer do acceso ao proxecto a través de CoFFEE o máis axiña posible.

Esta petición foi reiterada en varios correos electrónicos, enviados ao IDAE entre o 08/07/2025 e o 31/07/2025.

Finalmente, en data 04/08/2025 o subproxecto o “Programa RENOINN – Deputación de Pontevedra” aparece na plataforma CoFFEE con estado “revisado” para poder introducir as actuacións e contratos asociados.



- En data 31/07/2025 a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025, adoptou, entre outros, o acordo de Aceptación da Proposta de Resolución Definitiva de concesión de axuda polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto PR-RENOINN-2024-000364 “Concellos Reto Demográfico +Renovables III; nos municipios de Mondariz-Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Buen e Sanxenxo” e concesión da axuda comprometida pola deputación ao seu abeiro aos concellos beneficiarios (expte. 2024067518).
- En data 01/08/2025, e rexistro de entrada número: 2025015333, recíbese a notificación da Resolución do Secretario de Estado de Enerxía e Presidente de E.P.E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), M.P., pola que se aproba a concesión de axudas correspondentes á “Primeira Convocatoria dos programas de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías Renovables Innovadoras) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”, con destino ao proxecto PR-RENOINN-2024-000364.
- Na antedita Resolución Definitiva, no seu apartado Sexto “Condicións e termos da concesión da axuda” referido á realización das actuacións, indícase que segundo o artigo 20 das bases reguladoras, o prazo máximo para a realización das actuacións obxecto de axuda será o establecido na convocatoria, cun máximo do 31 de marzo de 2026, e computarase a partir da data de notificación da resolución favorable de concesión de axuda. Segundo se establece na disposición duodécima da resolución de modificación da convocatoria, as instalacións deberán atoparse completamente finalizadas e operativas antes do 31 de marzo de 2026, ou no prazo máximo que se determinase, no caso de que tivese lugar, unha ampliación de prazos na normativa reguladora do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Así mesmo indícase, no apartado 2 “Xustificación da realización da actuación” que a xustificación por parte dos beneficiarios da realización das actuacións que conformen o proxecto deberá realizarse ante o Órgano Instrutor no prazo máximo de tres (3) meses, contados a partir da data en que expire o prazo máximo outorgado para a execución das instalacións obxecto da axuda, segundo establece o artigo 21 das bases reguladoras.
- O obxecto do proxecto consiste en incentivar o autoconsumo en aras de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio ambiente coa subsecuente redución de emisións de CO<sub>2</sub>, así como un custo enerxético máis económico para os consumidores da zona.
- Na Memoria Técnica do citado proxecto, aprobada polo IDAE, contéplase un prazo de execución de 15 meses; para o que se estima como data de inicio o 01/10/2024 e como data de finalización o 31/12/2025.
- Debemos ter en conta que de conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 18 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, o prazo máximo para resolver e notificar o procedemento vencia o 30/03/2025 e que dito prazo foi ampliado polo propio IDAE en 6 meses máis a contar desde o día seguinte ao 30/03/2025. Neste contexto, a notificación da Resolución Definitiva da concesión da axuda foi realizada o 01/08/2025; polo que se produciu unha demora de cinco (5) meses desde a data inicialmente prevista para resolver o expediente ata a data na que finalmente se notificou a Resolución Definitiva de concesión da axuda.
- Tamén debemos ter en conta que sendo a intención desta Deputación iniciar a licitación dos traballos de redacción dos proxectos de execución e dirección das obras mediante “tramitación anticipada de gastos”; non se puido obter o CRO (Código de Referencia de Operación) para levar a cabo a análise de conflitos de interese ata o 04/08/2025 posto que non estaba en estado “Revisado” na plataforma CoFFEE o subproxecto “Programa RENOINN – Deputación de Pontevedra”.
- Non obstante, e coa finalidade de axilizar o procedemento de contratación dos traballos de redacción dos proxectos de execución, en data 01/08/2025 iníciase o procedemento de formalización do correspondente Contrato derivado do Lote 2 “Proxectos de enxeñaría civil e arquitectura” do Acordo Marco para a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiados con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.



- En relación coa contratación da “Subministración e execución dos traballos de instalación e posta en funcionamento de varias instalacións de enerxía solar fotovoltaica con almacenamento para autoconsumo correspondentes aos expedientes de axuda cos números PRRENOINN2024-000360, PR-RENOINN2024-000362, PR-RENOINN2024-000364, PRRENOINN2024-000142 e PR-RENOINN2024-000245 no marco do PRTR”, publicouse o día 29/07/2025 na Plataforma de Contratación do Sector Público o correspondente anuncio de información previa.
- Esta situación imprevista provocou atraso nos traballos de planificación das contratacións administrativas necesarias para executar o citado proxecto.
- Ante a demora acumulada, co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda e así cumprir co seu obxectivo, e sen prexudicar os intereses de terceiras persoas, é aconsellable a ampliación do prazo en cinco (5) meses máis, polo que queda reflectida na seguinte táboa a data máxima para levar a cabo os traballos relativos á execución do proxecto:

| PR-RENOINN-2024-000364<br>“Concellos Reto Demográfico +Renovables III; nos municipios de Mondariz-Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Bueu e Sanxenxo” |                   |                              |                                                   |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|------------------------------|---------------------------------------------------|
| Data de solicitude                                                                                                                                                                    | Data de concesión | Data límite para a execución | Data límite para a execución logo da modificación |
| 18/11/2024                                                                                                                                                                            | 01/08/2025        | 31/03/2026                   | 31/08/2026                                        |

- A ampliación do prazo de execución do proxecto en cinco (5) meses máis non afecta aos obxectivos perseguidos pola axuda concedida nin aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, nin prexudica os intereses de terceiras persoas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido na Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras) e a Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria.
- A solicitude de modificación é previa á data de conclusión do prazo para realizar a actividade.
- Conforme ao recollido no artigo 214 do TRLRHL, solicítase á Intervención da Deputación de Pontevedra o correspondente informe.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Réxime xurídico

- Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.
- Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías renovables innovadoras) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.
- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia



- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro: Seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos do PRTR.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

### Consideracións xurídicas

#### *Instrución do expediente*

- De conformidade co previsto no artigo 19 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, cando surdan circunstancias concretas, entre elas especificamente a necesidade de prolongación do prazo para a realización das actuacións ou a posibilidade de efectuar modificacións internas nos custos inicialmente orzamentados que excepcionalmente, alteren de forma obxectiva as condicións técnicas, económicas ou de prazo tidas en conta para a concesión da axuda, poderase solicitar a modificación da citada resolución de concesión.
- De conformidade co artigo 64 Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, unha vez recaída a resolución de concesión o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido se concorren as circunstancias previstas para tales efectos nas bases reguladoras, tal como se establece no artigo 17.3.1 da lei, o que se poderá autorizar sempre que non se danen dereitos de terceiras persoas. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para realizar a actividade.
- Tendo en conta o artigo 32 da LPACAP, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento das persoas interesadas, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade destes, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiras persoas. O acordo de ampliación deberá notificárselles ás persoas interesadas. Tanto a petición destas coma a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.
- Segundo o artigo 34.1.f da LRBRL a competencia para realizar os trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10 % dos recursos ordinarios do Orzamento, ou pola Xunta de Goberno.
- Segundo o artigo 36.1.d da LRBRL é competencia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.

#### *Petición e evacuación de informes*

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigos 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.



- *Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención*
- *Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.*
- *Base 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

#### *Resolución do expediente*

- *De conformidade co previsto no artigo 19.3 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, a solicitude de modificación acompañarase dunha memoria na que se expoñerán os motivos da modificación e xustificarase a imposibilidade de cumprir as condicións impostas na resolución de concesión, e o cumprimento dos requisitos.*
- *Segundo o artigo 19.1 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, os requisitos a cumprir son que a modificación solicitada non afecte os obxectivos perseguidos coa axuda, aos seus aspectos fundamentais, á determinación do beneficiario, nin prexudique dereitos de terceiros, que a modificación solicitada obedeza a causa ou causas sobrevindas e excepciónais, que non puideron preverse no momento da solicitude, que non supoña un incremento da subvención concedida, que a solicitude da modificación realícese, polo menos, tres meses antes da finalización do prazo de execución do proxecto, e sexa aceptada expresamente polo titular do órgano que ditou a resolución de concesión, que a modificación non afecte o cumprimento do principio DNSH, que non comprometa o cumprimento dos fíos e obxectivos ou requisitos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia así como os requisitos que se determinen adicionalmente nas convocatorias, sempre que non contradigan o establecido na presente Orde de Bases.*
- *En virtude do establecido na base 16.ª.2 das Bases de execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e mais no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*

#### *Conclusións:*

O 01/08/2025, con número de rexistro 2025015333, recibíuse a notificación da Resolución Definitiva para a concesión de axudas ao proxecto PR-RENOINN-2024-000364 “Concellos Reto Demográfico +Renovables III; nos municipios de Mondariz-Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Buen e Sanxenxo” correspondentes á “Primeira Convocatoria dos programas de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías Renovables Innovadoras) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”, por un importe de 515.524,00 euros, cuxo orzamento total é de 909.232,72 euros.

Na Memoria Técnica deste proxecto, aprobada polo IDAE, contéplase un prazo de execución de 15 meses; dende o 01/10/2024 ao 31/12/2025.

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025, adoptou, entre outros, o acordo de Aceptación da Proposta de Resolución Definitiva de concesión de axuda polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto PR-RENOINN-2024-000364 “Concellos Reto Demográfico +Renovables III; nos municipios de Mondariz-Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Buen e Sanxenxo” e concesión da axuda comprometida pola deputación ao seu abeiro aos concellos beneficiarios (expte. 2024067518).



*Tendo en conta que o IDAE se demorou na resolución definitiva dos expedientes de axudas da convocatoria citada, resolución que se emitiu o 01/08/2025, xerouse unha demora no inicio da execución do proxecto de cinco (5) meses dende a data inicialmente prevista.*

*Por outra banda, a pesar de solicitarse con rapidez o acceso ao subproxecto “Programa RENOINN – Deputación de Pontevedra” na plataforma CoFFEE, non se obtivo o estado “Revisado” ata o 04/08/2025, polo que non foi posible a formalización dos contratos administrativos necesario para a execución do citado proxecto.*

*Esta situación imprevista está a producir demoras no calendario de execución dos traballos, o que imposibilitou que se cumpran as condicións da resolución de concesión do proxecto.*

*Ante a demora acumulada, e co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda, é aconsellable a ampliación do prazo en cinco (5) meses máis, polo que queda reflectida na seguinte táboa a data máxima para executar os traballos:*

| PR-RENOINN-2024-000364<br>“Concellos Reto Demográfico +Renovables III; nos municipios de Mondariz-<br>Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Bueu e<br>Sanxenxo” |                      |                                 |                                                         |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|---------------------------------|---------------------------------------------------------|
| Data de<br>solicitude                                                                                                                                                                        | Data de<br>concesión | Data límite para a<br>execución | Data límite para a<br>execución logo da<br>modificación |
| 18/11/2024                                                                                                                                                                                   | 01/08/2025           | 31/03/2026                      | 31/08/2026                                              |

*Esta ampliación do prazo de execución non lles afecta aos obxectivos perseguidos pola axuda concedida nin afecta aos aspectos fundamentais das actuacións propostas nin prexudica os intereses de terceiras persoas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido na Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras) e na Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria.*

*Ademais, a solicitude de modificación é previa á data de conclusión do prazo para a realización da actividade.*

*Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para garantir a correcta execución é necesaria a ampliación do prazo máximo de execución do proxecto “PR-RENOINN-2024-000364 Concellos Reto Demográfico +Renovables III” en cinco (5) meses adicionais; polo que se establece a nova data máxima para a súa execución que se indica na táboa anterior: 31/08/2026.*

*En consecuencia, a solicitude de ampliación é previa á finalización do prazo máximo establecido para executar o proxecto “PR-RENOINN-2024-000364 Concellos Reto Demográfico +Renovables III”.*



*Nesta mesma liña conclúese que a concesión da ampliación do prazo para a execución do antedito proxecto, que ten como finalidade incentivar o autoconsumo en aras de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio ambiente coa subsecuente redución de emisións de CO<sub>2</sub>, así como un custo enerxético máis económico para os consumidores da zona.*

*Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a modificación do prazo de execución das actuacións obxecto de axuda do proxecto denominado PR-RENOINN-2024-000364 “Concellos Reto Demográfico +Renovables III”.*

### RÉXIME COMPETENCIAL

*En virtude do establecido na base 16<sup>a</sup>.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*

*Este informe non ten carácter vinculante, de feito, que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.*

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica*

*O xefe do Servizo de Cooperación*

*(Por substitución, o xefe de sección de Iniciativas Comunitarias,*

*segundo R.P. nº 2025005838, de 9 de xullo de 2025)*

*José Antonio Piñeiro Sineiro”.*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do Xefe do Servizo de Cooperación de data 08/08/2025, e da Intervención Provincial de data 08/08/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Solicitar ao *Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE)* a modificación do prazo máximo do 31/03/2026, establecido na resolución de concesión da axuda, para a execución das actuacións obxecto da axuda do proxecto PR-RENOINN-2024-000364 “Concellos Reto Demográfico +Renovables III; nos municipios de Mondariz-Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Bueu e Sanxenxo”, en cinco (5) meses adicionais; ampliándose, deste xeito, o prazo máximo para a realización do citado proxecto segundo o recollido na seguinte táboa:

| PR-RENOINN-2024-000364<br>“Concellos Reto Demográfico +Renovables III; nos municipios de Mondariz-Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Bueu e Sanxenxo” |                   |                              |                                                   |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|------------------------------|---------------------------------------------------|
| Data de solicitude                                                                                                                                                                    | Data de concesión | Data límite para a execución | Data límite para a execución logo da modificación |
| 18/11/2024                                                                                                                                                                            | 01/08/2025        | 31/03/2026                   | 31/08/2026                                        |

- Darlle traslado do presente acordo ó *Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE)*, á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.



11.35545.- SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS  
ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO PROXECTO DENOMINADO  
PR-RENOINN-2024-000142 “CONCELLOS +RENOVABLES  
I”(EXPTE.2024068090)

No expediente consta o informe do xefe de Servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

*“Á vista da notificación da Resolución Definitiva de concesión de subvencións, remitida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, de data 01/08/2025 e rexistro de entrada número: 2025015336, con destino ao proxecto PR-RENOINN-2024-000142 “Concellos +Renovables I; nos municipios de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Ponteareas, Tui e Marín”, e co obxecto de presentar a solicitude de modificación da resolución de concesión para a ampliación do prazo de execución do referido proxecto, o xefe do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:*

#### ANTECEDENTES

- O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico publicou a Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como a implantación de sistemas térmicos renovables (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS).
- O artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na defensa dos intereses peculiares da provincia.
- Neste marco de colaboración, mediante Resolución Presidencial número RP2024008816 de data 14/11/2024, emendada posteriormente pola Resolución Presidencial número RP2025002307 de data 26/03/2025, a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas do proxecto “Concellos +Renovables I; nos municipios de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Ponteareas, Tui e Marín” ante o IDAE; no marco do “Programa 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables” definida no anexo II da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo. En data 18/11/2024 preséntase ante o IDAE o citado proxecto; asignándosele o rexistro núm. 202400034860 e código número PR-RENOINN-2024-000142.
- En data 24/03/2025 publícase o Acordo do Secretario de Estado de Enerxía e Presidente de E.P.E Instituto para a Diversificación e Aforro de Enerxía (IDAE), M.P., pola que se amplía o prazo para resolver e notificar a resolución da primeira convocatoria do Programa Enerxías Renovables Innovadoras, por un prazo de seis meses máis a contar desde o día seguinte ao 30 de marzo de 2025.
- Tras a avaliación do citado proxecto, en data 02/07/2025 recíbese aviso de publicación da Proposta de Resolución Definitiva do Director Xeral do IDAE na que se admite a solicitude, e propónse a concesión da axuda coa adxudicación do orzamento con cargo a NextGenerationEU polo seguinte importe:

| PR-RENOINN-2024-000142<br>“CONCELLOS +RENOVABLES I” |              |
|-----------------------------------------------------|--------------|
| INVESTIMENTO TOTAL (IVE<br>incluído)                | AXUDA IDAE   |
| 795.578,63 €                                        | 451.083,50 € |



Nas “Condicións e termos da concesión da axuda” indícase que a Proposta de Resolución Definitiva non xera dereito algún a favor do beneficiario (provisional) fronte á Administración. Ademais, establece que no prazo de dez días a contar desde o seguinte ao de publicación na sede electrónica do IDAE desta Proposta de Resolución Definitiva, as entidades solicitantes que figuren na Táboa 1 do Anexo II deberán comunicar a súa aceptación da mesma ao órgano instructor.

- En data 07/07/2025, realízase a aceptación da Proposta da Resolución Definitiva por vía telemática, mediante o formulario previsto para ese efecto, accedendo co certificado do representante legal da Deputación de Pontevedra á sede electrónica do IDAE.
- En data 08/07/2025 envíase comunicación ao IDAE mediante correo electrónico na que se informa da intención da Deputación de iniciar a licitación dos traballos de redacción dos proxectos de execución e dirección das obras, valorando facelo mediante “tramitación anticipada de gastos”. Explicase nos correos electrónicos que ao ser fondos NEXT GENERATION é necesario a obtención do CRO (Código de Referencia de Operación) para levar a cabo a análise de conflitos de interese polo que sería necesario ter acceso aos expedientes a través de CoFFEE e solicítase dispoñer do acceso ao proxecto a través de CoFFEE o máis axiña posible.  
Esta petición foi reiterada en varios correos electrónicos, enviados ao IDAE entre o 08/07/2025 e o 31/07/2025. Finalmente, en data 04/08/2025 o subproxecto o “Programa RENOINN – Deputación de Pontevedra” aparece na plataforma CoFFEE con estado “revisado” para poder introducir as actuacións e contratos asociados.
- En data 31/07/2025 a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025, adoptou, entre outros, o acordo de Aceptación da Proposta de Resolución Definitiva de concesión de axuda polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto PR-RENOINN-2024-000142 “Concellos +Renovables I; nos municipios de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Pontearreas, Tui e Marín” e concesión da axuda comprometida pola deputación ao seu abeiro aos concellos beneficiarios (expte. 2024068090).
- En data 01/08/2025, e rexistro de entrada número: 2025015336, recíbese a notificación da Resolución do Secretario de Estado de Enerxía e Presidente de E.P.E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), M.P., pola que se aproba a concesión de axudas correspondentes á “Primeira Convocatoria dos programas de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías Renovables Innovadoras) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”, con destino ao proxecto PR-RENOINN-2024-000142.
- Na antedita Resolución Definitiva, no seu apartado Sexto “Condicións e termos da concesión da axuda” referido á realización das actuacións, indícase que segundo o artigo 20 das bases reguladoras, o prazo máximo para a realización das actuacións obxecto de axuda será o establecido na convocatoria, cun máximo do 31 de marzo de 2026, e computarase a partir da data de notificación da resolución favorable de concesión de axuda. Segundo se establece na disposición duodécima da resolución de modificación da convocatoria, as instalacións deberán atoparse completamente finalizadas e operativas antes do 31 de marzo de 2026, ou no prazo máximo que se determinase, no caso de que tivese lugar, unha ampliación de prazos na normativa reguladora do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Así mesmo indícase, no apartado 2 “Xustificación da realización da actuación” que a xustificación por parte dos beneficiarios da realización das actuacións que conformen o proxecto deberá realizarse ante o Órgano Instructor no prazo máximo de tres (3) meses, contados a partir da data en que expire o prazo máximo outorgado para a execución das instalacións obxecto da axuda, segundo establece o artigo 21 das bases reguladoras.
- O obxecto do proxecto consiste en incentivar o autoconsumo en aras de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio ambiente coa subsecuente redución de emisións de CO<sub>2</sub>, así como un custo enerxético máis económico para os consumidores da zona.
- Na Memoria Técnica do citado proxecto, aprobada polo IDAE, contéplase un prazo de execución de 15 meses; para o que se estima como data de inicio o 01/10/2024 e como data de finalización o 31/12/2025.



- Debemos ter en conta que de conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 18 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, o prazo máximo para resolver e notificar o procedemento vencia o 30/03/2025 e que dito prazo foi ampliado polo propio IDAE en 6 meses máis a contar desde o día seguinte ao 30/03/2025. Neste contexto, a notificación da Resolución Definitiva da concesión da axuda foi realizada o 01/08/2025; polo que se produciu unha demora de cinco (5) meses desde a data inicialmente prevista para resolver o expediente ata a data na que finalmente se notificou a Resolución Definitiva de concesión da axuda.
- Tamén debemos ter en conta que sendo a intención desta Deputación iniciar a licitación dos traballos de redacción dos proxectos de execución e dirección das obras mediante “tramitación anticipada de gastos”; non se puido obter o CRO (Código de Referencia de Operación) para levar a cabo a análise de conflitos de interese ata o 04/08/2025 posto que non estaba en estado “Revisado” na plataforma CoFFEE o subproxecto “Programa RENOINN – Deputación de Pontevedra”.
- Non obstante, e coa finalidade de axilizar o procedemento de contratación dos traballos de redacción dos proxectos de execución, en data 01/08/2025 iníciase o procedemento de formalización do correspondente Contrato derivado do Lote 2 “Proxectos de enxeñaría civil e arquitectura” do Acordo Marco para a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiados con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- En relación coa contratación da “Subministración e execución dos traballos de instalación e posta en funcionamento de varias instalacións de enerxía solar fotovoltaica con almacenamento para autoconsumo correspondentes aos expedientes de axuda cos números PRRENOINN2024-000360, PR-RENOINN2024-000362, PR-RENOINN2024-000364, PRRENOINN2024-000142 e PR-RENOINN2024-000245 no marco do PRTR”, publicouse o día 29/07/2025 na Plataforma de Contratación do Sector Público o correspondente anuncio de información previa.
- Esta situación imprevista provocou atraso nos traballos de planificación das contratacións administrativas necesarias para executar o citado proxecto.
- Ante a demora acumulada, co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda e así cumprir co seu obxectivo, e sen prexudicar os intereses de terceiras persoas, é aconsellable a ampliación do prazo en cinco (5) meses máis, polo que queda reflectida na seguinte táboa a data máxima para levar a cabo os traballos relativos á execución do proxecto:

| PR-RENOINN-2024-000142<br>“Concellos +Renovables I; nos municipios de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Pontearreas, Tui e Marín” |                   |                              |                                                   |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|------------------------------|---------------------------------------------------|
| Data de solicitude                                                                                                                | Data de concesión | Data límite para a execución | Data límite para a execución logo da modificación |
| 18/11/2024                                                                                                                        | 01/08/2025        | 31/03/2026                   | 31/08/2026                                        |

- A ampliación do prazo de execución do proxecto en cinco (5) meses máis non afecta aos obxectivos perseguidos pola axuda concedida nin aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, nin prexudica os intereses de terceiras persoas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido na Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras) e a Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria.



- *A solicitude de modificación é previa á data de conclusión do prazo para realizar a actividade.*
- *Conforme ao recollido no artigo 214 do TRLRHL, solicítase á Intervención da Deputación de Pontevedra o correspondente informe.*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Réxime xurídico

- *Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.*
- *Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías renovables innovadoras) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.*
- *Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia*
- *Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*
- *Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro: Seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos do PRTR.*
- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).*
- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).*
- *Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).*
- *Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.*

### Consideracións xurídicas

#### *Instrución do expediente*

- *De conformidade co previsto no artigo 19 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, cando xurdan circunstancias concretas, entre elas especificamente a necesidade de prolongación do prazo para a realización das actuacións ou a posibilidade de efectuar modificacións internas nos custos inicialmente orzamentados que excepcionalmente, alteren de forma obxectiva as condicións técnicas, económicas ou de prazo tidas en conta para a concesión da axuda, poderase solicitar a modificación da citada resolución de concesión.*
- *De conformidade co artigo 64 Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, unha vez recaída a resolución de concesión o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido se concorren as circunstancias previstas para tales efectos nas bases reguladoras, tal como se establece no artigo 17.3.1 da lei, o que se poderá autorizar sempre que non se danen dereitos de terceiras persoas. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para realizar a actividade.*



- Tendo en conta o artigo 32 da LPACAP, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento das persoas interesadas, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade destes, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiras persoas. O acordo de ampliación deberá notificárselles ás persoas interesadas. Tanto a petición destas coma a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.
- Segundo o artigo 34.1.f da LRBRL a competencia para realizar os trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10 % dos recursos ordinarios do Orzamento, ou pola Xunta de Goberno.
- Segundo o artigo 36.1.d da LRBRL é competencia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.

#### *Petición e evacuación de informes*

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigos 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.
- Base 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

#### *Resolución do expediente*

- De conformidade co previsto no artigo 19.3 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, a solicitude de modificación acompañarase dunha memoria na que se expoñerán os motivos da modificación e xustificarase a imposibilidade de cumprir as condicións impostas na resolución de concesión, e o cumprimento dos requisitos.
- Segundo o artigo 19.1 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, os requisitos a cumprir son que a modificación solicitada non afecte os obxectivos perseguidos coa axuda, aos seus aspectos fundamentais, á determinación do beneficiario, nin prexudique dereitos de terceiros, que a modificación solicitada obedezga a causa ou causas sobrevindas e excepciónais, que non puideron preverse no momento da solicitude, que non supoña un incremento da subvención concedida, que a solicitude da modificación realícese, polo menos, tres meses antes da finalización do prazo de execución do proxecto, e sexa aceptada expresamente polo titular do órgano que ditou a resolución de concesión, que a modificación non afecte o cumprimento do principio DNSH, que non comprometa o cumprimento dos fíos e obxectivos ou requisitos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia así como os requisitos que se determinen adicionalmente nas convocatorias, sempre que non contradigan o establecido na presente Orde de Bases.
- En virtude do establecido na base 16.ª.2 das Bases de execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e mais no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Conclusións:

O 01/08/2025, con número de rexistro 2025015336, recibíuse a notificación da Resolución Definitiva para a concesión de axudas ao proxecto PR-RENOINN-2024-000142 “Concellos +Renovables I; nos municipios de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Ponteareas, Tui e Marín” correspondentes á “Primeira Convocatoria dos programas de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías Renovables Innovadoras) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”, por un importe de 451.083,50 euros, cuxo orzamento total é de 795.578,63 euros.

Na Memoria Técnica deste proxecto, aprobada polo IDAE, contéplase un prazo de execución de 15 meses; dende o 01/10/2024 ao 31/12/2025.

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025, adoptou, entre outros, o acordo de Aceptación da Proposta de Resolución Definitiva de concesión de axuda polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto PR-RENOINN-2024-000142 “Concellos +Renovables I; nos municipios de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Ponteareas, Tui e Marín” e concesión da axuda comprometida pola deputación ao seu abeiro aos concellos beneficiarios (expte. 2024068090).

Tendo en conta que o IDAE se demorou na resolución definitiva dos expedientes de axudas da convocatoria citada, resolución que se emitiu o 01/08/2025, xerouse unha demora no inicio da execución do proxecto de cinco (5) meses dende a data inicialmente prevista.

Por outra banda, a pesar de solicitarse con rapidez o acceso ao subproxecto “Programa RENOINN – Deputación de Pontevedra” na plataforma CoFFEE, non se obtivo o estado “Revisado” ata o 04/08/2025, polo que non foi posible a formalización dos contratos administrativos necesario para a execución do citado proxecto.

Esta situación imprevista está a producir demoras no calendario de execución dos traballos, o que imposibilitou que se cumpran as condicións da resolución de concesión do proxecto.

Ante a demora acumulada, e co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda, é aconsellable a ampliación do prazo en cinco (5) meses máis, polo que queda reflectida na seguinte táboa a data máxima para executar os traballos:

| PR-RENOINN-2024-000142<br>“Concellos +Renovables I; nos municipios de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior,<br>Ponteareas, Tui e Marín” |                      |                                 |                                                         |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|---------------------------------|---------------------------------------------------------|
| Data de<br>solicitude                                                                                                               | Data de<br>concesión | Data límite para a<br>execución | Data límite para a<br>execución logo da<br>modificación |
| 18/11/2024                                                                                                                          | 01/08/2025           | 31/03/2026                      | 31/08/2026                                              |

Esta ampliación do prazo de execución non lles afecta aos obxectivos perseguidos pola axuda concedida nin afecta aos aspectos fundamentais das actuacións propostas nin prexudica os intereses de terceiras persoas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido na Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras) e na Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria.



*Ademais, a solicitude de modificación é previa á data de conclusión do prazo para a realización da actividade.*

*Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para garantir a correcta execución é necesaria a ampliación do prazo máximo de execución do proxecto PR-RENOINN-2024-000142 “Concellos +Renovables I” en cinco (5) meses adicionais; polo que se establece a nova data máxima para a súa execución que se indica na táboa anterior: 31/08/2026.*

*En consecuencia, a solicitude de ampliación é previa á finalización do prazo máximo establecido para executar o proxecto PR-RENOINN-2024-000142 “Concellos +Renovables I”.*

*Nesta mesma liña conclúese que a concesión da ampliación do prazo para a execución do antedito proxecto, que ten como finalidade incentivar o autoconsumo en aras de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio ambiente coa subsecuente redución de emisións de CO<sub>2</sub>, así como un custo enerxético máis económico para os consumidores da zona.*

*Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a modificación do prazo de execución das actuacións obxecto de axuda do proxecto denominado PR-RENOINN-2024-000142 “Concellos +Renovables I”.*

#### RÉXIME COMPETENCIAL

*En virtude do establecido na base 16<sup>a</sup>.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*

*Este informe non ten carácter vinculante, de feito, que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.*

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica*

*O xefe do Servizo de Cooperación*

*(Por substitución, o xefe de sección de Iniciativas Comunitarias,  
segundo R.P. n° 2025005838, de 9 de xullo de 2025)*

*José Antonio Piñeiro Sineiro”.*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do Xefe do Servizo de Cooperación de data 08/08/2025, e da Intervención Provincial de data 08/08/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Solicitar ao *Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE)* a modificación do prazo máximo do 31/03/2026, establecido na resolución de concesión da axuda, para a execución das actuacións obxecto da axuda do proxecto PR-RENOINN-2024-000142 “Concellos +Renovables I; nos municipios de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Pontearreas, Tui e Marín”, en cinco (5) meses adicionais; ampliándose, deste xeito, o prazo máximo para a realización do citado proxecto segundo o recollido na seguinte táboa:



| PR-RENOINN-2024-000142<br>“Concellos +Renovables I; nos municipios de Poio, O Porriño, Mos,<br>Soutomaior, Pontearreas, Tui e Marín” |                      |                                 |                                                         |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|---------------------------------|---------------------------------------------------------|
| Data de<br>solicitude                                                                                                                | Data de<br>concesión | Data límite para a<br>execución | Data límite para a<br>execución logo da<br>modificación |
| 18/11/2024                                                                                                                           | 01/08/2025           | 31/03/2026                      | 31/08/2026                                              |

- Darlle traslado do presente acordo ó *Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía* (IDAE), á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

12.35546.- SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS  
ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO PROXECTO DENOMINADO  
PR-RENOINN-2024-000245 “CONCELLOS +RENOVABLES II  
“(EXPTE.2024068090)

No expediente consta o informe do xefe de Servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

*“Á vista da notificación da Resolución Definitiva de concesión de subvencións, remitida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, de data 01/08/2025 e rexistro de entrada número: 2025015334, con destino ao proxecto PR-RENOINN-2024-000245 “Concellos +Renovables II; nos municipios de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa”, e co obxecto de presentar a solicitude de modificación da resolución de concesión para a ampliación do prazo de execución do referido proxecto, o xefe do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:*

#### ANTECEDENTES

- O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico publicou a Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como a implantación de sistemas térmicos renovables (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS).
- O artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na defensa dos intereses peculiares da provincia.
- Neste marco de colaboración, mediante Resolución Presidencial número RP2024008831 de data 15/11/2024, emendada posteriormente pola Resolución Presidencial número RP2025002308 de data 26/03/2025, a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas do proxecto “Concellos +Renovables II; nos municipios de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa” ante o IDAE; no marco do “Programa 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables” definida no anexo II da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo. En data 18/11/2024 preséntase ante o IDAE o citado proxecto; asignándosele o rexistro núm. 202400034856 e código número PR-RENOINN-2024-000245.
- En data 24/03/2025 publícase o Acordo do Secretario de Estado de Enerxía e Presidente de E.P.E Instituto para a Diversificación e Aforro de Enerxía (IDAE), M.P., pola que se amplía o prazo para resolver e notificar a resolución da primeira convocatoria do Programa Enerxías Renovables Innovadoras, por un prazo de seis meses máis a contar desde o día seguinte ao 30 de marzo de 2025.



- Tras a avaliación do citado proxecto, en data 02/07/2025 recíbese aviso de publicación da Proposta de Resolución Definitiva do Director Xeral do IDAE na que se admite a solicitude, e propónse a concesión da axuda coa adxudicación do orzamento con cargo a NextGenerationEU polo seguinte importe:

| PR-RENOINN-2024-000245<br>“CONCELLOS +RENOVABLES II” |              |
|------------------------------------------------------|--------------|
| INVESTIMENTO TOTAL (IVE<br>incluído)                 | AXUDA IDAE   |
| 681.924,54 €                                         | 386.643,00 € |

Nas “Condicións e termos da concesión da axuda” indícase que a Proposta de Resolución Definitiva, non xera dereito algún a favor do beneficiario (provisional) fronte á Administración. Ademais, establece que no prazo de dez días a contar desde o seguinte ao de publicación na sede electrónica do IDAE desta Proposta de Resolución Definitiva, as entidades solicitantes que figuren na Táboa 1 do Anexo II deberán comunicar a súa aceptación da mesma ao órgano instructor.

- En data 07/07/2025, realízase a aceptación da Proposta da Resolución Definitiva por vía telemática, mediante o formulario previsto para ese efecto, accedendo co certificado do representante legal da Deputación de Pontevedra á sede electrónica do IDAE.
- En data 08/07/2025 envíase comunicación ao IDAE mediante correo electrónico na que se informa da intención da Deputación de iniciar a licitación dos traballos de redacción dos proxectos de execución e dirección das obras, valorando facelo mediante “tramitación anticipada de gastos”. Explicase nos correos electrónicos que ao ser fondos NEXT GENERATION é necesario a obtención do CRO (Código de Referencia de Operación) para levar a cabo a análise de conflitos de interese polo que sería necesario ter acceso aos expedientes a través de CoFFEE e solicítase dispoñer do acceso ao proxecto a través de CoFFEE o máis axiña posible.  
Esta petición foi reiterada en varios correos electrónicos, enviados ao IDAE entre o 08/07/2025 e o 31/07/2025. Finalmente, en data 04/08/2025 o subproxecto o “Programa RENOINN – Deputación de Pontevedra” aparece na plataforma CoFFEE con estado “revisado” para poder introducir as actuacións e contratos asociados.
- En data 31/07/2025 a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025, adoptou, entre outros, o acordo de Aceptación da Proposta de Resolución Definitiva de concesión de axuda polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto PR-RENOINN-2024-000245 “Concellos +Renovables II; nos municipios de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa” e concesión da axuda comprometida pola deputación ao seu abeiro aos concellos beneficiarios (expte. 2024068090).
- En data 01/08/2025, e rexistro de entrada número: 2025015334, recíbese a notificación da Resolución do Secretario de Estado de Enerxía e Presidente de E.P.E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), M.P., pola que se aproba a concesión de axudas correspondentes á “Primeira Convocatoria dos programas de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías Renovables Innovadoras) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”, con destino ao proxecto PR-RENOINN-2024-000245.



- Na antedita Resolución Definitiva, no seu apartado Sexto “Condicións e termos da concesión da axuda” referido á realización das actuacións, indícase que segundo o artigo 20 das bases reguladoras, o prazo máximo para a realización das actuacións obxecto de axuda será o establecido na convocatoria, cun máximo do 31 de marzo de 2026, e computarase a partir da data de notificación da resolución favorable de concesión de axuda. Segundo se establece na disposición duodécima da resolución de modificación da convocatoria, as instalacións deberán atoparse completamente finalizadas e operativas antes do 31 de marzo de 2026, ou no prazo máximo que se determinase, no caso de que tivese lugar, unha ampliación de prazos na normativa reguladora do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Así mesmo indícase, no apartado 2 “Xustificación da realización da actuación” que a xustificación por parte dos beneficiarios da realización das actuacións que conformen o proxecto deberá realizarse ante o Órgano Instrutor no prazo máximo de tres (3) meses, contados a partir da data en que expire o prazo máximo outorgado para a execución das instalacións obxecto da axuda, segundo establece o artigo 21 das bases reguladoras.
- O obxecto do proxecto consiste en incentivar o autoconsumo en aras de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio ambiente coa subsecuente redución de emisións de CO<sub>2</sub>, así como un custo enerxético máis económico para os consumidores da zona.
- Na Memoria Técnica do citado proxecto, aprobada polo IDAE, contéplase un prazo de execución de 15 meses; para o que se estima como data de inicio o 01/10/2024 e como data de finalización o 31/12/2025.
- Debemos ter en conta que de conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 18 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, o prazo máximo para resolver e notificar o procedemento vencia o 30/03/2025 e que dito prazo foi ampliado polo propio IDAE en 6 meses máis a contar desde o día seguinte ao 30/03/2025. Neste contexto, a notificación da Resolución Definitiva da concesión da axuda foi realizada o 01/08/2025; polo que se produciu unha demora de cinco (5) meses desde a data inicialmente prevista para resolver o expediente ata a data na que finalmente se notificou a Resolución Definitiva de concesión da axuda.
- Tamén debemos ter en conta que sendo a intención desta Deputación iniciar a licitación dos traballos de redacción dos proxectos de execución e dirección das obras mediante “tramitación anticipada de gastos”; non se puido obter o CRO (Código de Referencia de Operación) para levar a cabo a análise de conflitos de interese ata o 04/08/2025 posto que non estaba en estado “Revisado” na plataforma CoFFEE o subproxecto “Programa RENOINN – Deputación de Pontevedra”.
- Non obstante, e coa finalidade de axilizar o procedemento de contratación dos traballos de redacción dos proxectos de execución, en data 01/08/2025 iníciase o procedemento de formalización do correspondente Contrato derivado do Lote 2 “Proxectos de enxeñaría civil e arquitectura” do Acordo Marco para a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a s presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiados con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- En relación coa contratación da “Subministración e execución dos traballos de instalación e posta en funcionamento de varias instalacións de enerxía solar fotovoltaica con almacenamento para autoconsumo correspondentes aos expedientes de axuda cos números PRRENOINN2024-000360, PR-RENOINN2024-000362, PR-RENOINN2024-000364, PRRENOINN2024-000142 e PR-RENOINN2024-000245 no marco do PRTR”, publicouse o día 29/07/2025 na Plataforma de Contratación do Sector Público o correspondente anuncio de información previa.
- Esta situación imprevista provoca atraso nos traballos de planificación das contratacións administrativas necesarias para executar o citado proxecto.



- Ante a demora acumulada, co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda e así cumprir co seu obxectivo, e sen prexudicar os intereses de terceiras persoas, é aconsellable a ampliación do prazo en cinco (5) meses máis, polo que queda reflectida na seguinte táboa a data máxima para levar a cabo os traballos relativos á execución do proxecto:

| PR-RENOINN-2024-000245<br>“Concellos +Renovables II; nos municipios de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán,<br>A Guarda e Vilaboa” |                      |                                 |                                                         |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|---------------------------------|---------------------------------------------------------|
| Data de<br>solicitude                                                                                                          | Data de<br>concesión | Data límite para a<br>execución | Data límite para a<br>execución logo da<br>modificación |
| 18/11/2024                                                                                                                     | 01/08/2025           | 31/03/2026                      | 31/08/2026                                              |

- A ampliación do prazo de execución do proxecto en cinco (5) meses máis non afecta aos obxectivos perseguidos pola axuda concedida nin aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, nin prexudica os intereses de terceiras persoas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido na Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras) e a Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria.
- A solicitude de modificación é previa á data de conclusión do prazo para realizar a actividade.
- Conforme ao recollido no artigo 214 do TRLRHL, solicítase á Intervención da Deputación de Pontevedra o correspondente informe.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Réxime xurídico

- Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.
- Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías renovables innovadoras) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.
- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro: Seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos do PRTR.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

### Consideracións xurídicas

#### *Instrución do expediente*

- De conformidade co previsto no artigo 19 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, cando xurdan circunstancias concretas, entre elas especificamente a necesidade de prolongación do prazo para a realización das actuacións ou a posibilidade de efectuar modificacións internas nos custos inicialmente orzamentados que excepcionalmente, alteren de forma obxectiva as condicións técnicas, económicas ou de prazo tidas en conta para a concesión da axuda, poderase solicitar a modificación da citada resolución de concesión.
- De conformidade co artigo 64 Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, unha vez recaída a resolución de concesión o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido se concorren as circunstancias previstas para tales efectos nas bases reguladoras, tal como se establece no artigo 17.3.1 da lei, o que se poderá autorizar sempre que non se danen dereitos de terceiras persoas. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para realizar a actividade.
- Tendo en conta o artigo 32 da LPACAP, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento das persoas interesadas, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade destes, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiras persoas. O acordo de ampliación deberá notificárselles ás persoas interesadas. Tanto a petición destas coma a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.
- Segundo o artigo 34.1.f da LRBRL a competencia para realizar os trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10 % dos recursos ordinarios do Orzamento, ou pola Xunta de Goberno.
- Segundo o artigo 36.1.d da LRBRL é competencia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.

#### *Petición e evacuación de informes*

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.



- Base 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

#### *Resolución do expediente*

- De conformidade co previsto no artigo 19.3 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, a solicitude de modificación acompañarase dunha memoria na que se expoñerán os motivos da modificación e xustificarase a imposibilidade de cumprir as condicións impostas na resolución de concesión, e o cumprimento dos requisitos.
- Segundo o artigo 19.1 da Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, os requisitos a cumprir son que a modificación solicitada non afecte os obxectivos perseguidos coa axuda, aos seus aspectos fundamentais, á determinación do beneficiario, nin prexudique dereitos de terceiros, que a modificación solicitada obedezga a causa ou causas sobrevindas e excepciónais, que non puideron preverse no momento da solicitude, que non supoña un incremento da subvención concedida, que a solicitude da modificación realice, polo menos, tres meses antes da finalización do prazo de execución do proxecto, e sexa aceptada expresamente polo titular do órgano que ditou a resolución de concesión, que a modificación non afecte o cumprimento do principio DNSH, que non comprometa o cumprimento dos fitos e obxectivos ou requisitos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia así como os requisitos que se determinen adicionalmente nas convocatorias, sempre que non contradigan o establecido na presente Orde de Bases.
- En virtude do establecido na base 16.ª.2 das Bases de execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e mais no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

#### Conclusiones:

O 01/08/2025, con número de rexistro 2025015334, recibíuse a notificación da Resolución Definitiva para a concesión de axudas ao proxecto PR-RENOINN-2024-000245 “Concellos +Renovables II; nos municipios de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa” correspondentes á “Primeira Convocatoria dos programas de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías Renovables Innovadoras) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”, por un importe de 386.643,00 euros, cuxo orzamento total é de 681.924,54 euros.

Na Memoria Técnica deste proxecto, aprobada polo IDAE, contéplase un prazo de execución de 15 meses; dende o 01/10/2024 ao 31/12/2025.

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025, adoptou, entre outros, o acordo de Aceptación da Proposta de Resolución Definitiva de concesión de axuda polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto PR-RENOINN-2024-000245 “Concellos +Renovables II; nos municipios de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa” e concesión da axuda comprometida pola deputación ao seu abeiro aos concellos beneficiarios (expte. 2024068090).

Tendo en conta que o IDAE se demorou na resolución definitiva dos expedientes de axudas da convocatoria citada, resolución que se emitiu o 01/08/2025, xerouse unha demora no inicio da execución do proxecto de cinco (5) meses dende a data inicialmente prevista.

Por outra banda, a pesar de solicitarse con rapidez o acceso ao subproxecto “Programa RENOINN – Deputación de Pontevedra” na plataforma CoFFEE, non se obtivo o estado “Revisado” ata o 04/08/2025, polo que non foi posible a formalización dos contratos administrativos necesario para a execución do citado proxecto.



*Esta situación imprevista está a producir demoras no calendario de execución dos traballos, o que imposibilitou que se cumpran as condicións da resolución de concesión do proxecto.*

*Ante a demora acumulada, e co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda, é aconsellable a ampliación do prazo en cinco (5) meses máis, polo que queda reflectida na seguinte táboa a data máxima para executar os traballos:*

| PR-RENOINN-2024-000245<br>“Concellos +Renovables II; nos municipios de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán,<br>A Guarda e Vilaboa” |                      |                                 |                                                         |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|---------------------------------|---------------------------------------------------------|
| Data de<br>solicitude                                                                                                          | Data de<br>concesión | Data límite para a<br>execución | Data límite para a<br>execución logo da<br>modificación |
| 18/11/2024                                                                                                                     | 01/08/2025           | 31/03/2026                      | 31/08/2026                                              |

*Esta ampliación do prazo de execución non lles afecta aos obxectivos perseguidos pola axuda concedida nin afecta aos aspectos fundamentais das actuacións propostas nin prexudica os intereses de terceiras persoas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido na Orde TED/765/2024, do 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras) e na Resolución do 30 de xullo de 2024 do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se realiza a primeira convocatoria.*

*Ademais, a solicitude de modificación é previa á data de conclusión do prazo para a realización da actividade.*

*Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para garantir a correcta execución é necesaria a ampliación do prazo máximo de execución do proxecto “PR-RENOINN-2024-000245 Concellos +Renovables II” en cinco (5) meses adicionais; polo que se establece a nova data máxima para a súa execución que se indica na táboa anterior: 31/08/2026.*

*En consecuencia, a solicitude de ampliación é previa á finalización do prazo máximo establecido para executar o proxecto “PR-RENOINN-2024-000245 Concellos +Renovables II”.*

*Nesta mesma liña conclúese que a concesión da ampliación do prazo para a execución do antedito proxecto, que ten como finalidade incentivar o autoconsumo en aras de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio ambiente coa subsecuente redución de emisións de CO<sub>2</sub>, así como un custo enerxético máis económico para os consumidores da zona.*

*Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a modificación do prazo de execución das actuacións obxecto de axuda do proxecto denominado PR-RENOINN-2024-000245 “Concellos +Renovables II”.*

### RÉXIME COMPETENCIAL

*En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*

*Este informe non ten carácter vinculante, de feito, que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.*

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica*

*O xefe do Servizo de Cooperación*

*(Por substitución, o xefe de sección de Iniciativas Comunitarias,  
segundo R.P. nº 2025005838, de 9 de xullo de 2025)*

*José Antonio Piñeiro Sineiro”*



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do Xefe do Servizo de Cooperación de data 08/08/2025, e da Intervención Provincial de data 08/08/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Solicitar ao *Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE)* a modificación do prazo máximo do 31/03/2026, establecido na resolución de concesión da axuda, para a execución das actuacións obxecto da axuda do proxecto PR-RENOINN-2024-000245 “*Concellos +Renovables II; nos municipios de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa*”, en cinco (5) meses adicionais; ampliándose, deste xeito, o prazo máximo para a realización do citado proxecto segundo o recollido na seguinte táboa:

| PR-RENOINN-2024-000245<br>“Concellos +Renovables II; nos municipios de Cambados, Moaña,<br>Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa” |                      |                                 |                                                         |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|---------------------------------|---------------------------------------------------------|
| Data de<br>solicitude                                                                                                          | Data de<br>concesión | Data límite para a<br>execución | Data límite para a<br>execución logo da<br>modificación |
| 18/11/2024                                                                                                                     | 01/08/2025           | 31/03/2026                      | 31/08/2026                                              |

- Darlle traslado do presente acordo ó *Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE)*, á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

13.35547.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (EXPTES.  
2025055990, 2025055960, 2025054725 E 2025055792)

a) Vista a relación de operacións con número 2025055990 (CSV: XA5F6N7PV55P7RK7), que contén 2 operacións por un importe de 702,39 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

|                                |         |
|--------------------------------|---------|
| Importe orzamentario .....     | 702,39€ |
| IVE soportable deducible ..... | 0,00 €  |
| Retencións .....               | 0,00 €  |
| Total líquido .....            | 702,39€ |



b) Vista a relación de operacións con número 2025055960 (CSV: W4696S54U5V2VBBN), que contén 1 operación por un importe de 663,00 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

|                                |         |
|--------------------------------|---------|
| Importe orzamentario .....     | 786,50€ |
| IVE soportable deducible ..... | 0,00 €  |
| Retencións .....               | 123,50€ |
| Total líquido .....            | 663,00€ |

c) Vista a relación de operacións con número 2025054725 (CSV: XVZ8EVA7406W2PCT), que contén 8 operacións por un importe de 49.179,58 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

|                                |            |
|--------------------------------|------------|
| Importe orzamentario .....     | 49.179,58€ |
| IVE soportable deducible ..... | 0,00 €     |
| Retencións .....               | 0,00 €     |
| Total líquido .....            | 49.179,58€ |

d) Vista a relación de operacións con número 2025055792 (CSV: XCHCXI8YISAUGVT4), que contén 2 operacións por un importe de 357,12 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

|                                |          |
|--------------------------------|----------|
| Importe orzamentario .....     | 357,12 € |
| IVE soportable deducible ..... | 0,00 €   |
| Retencións .....               | 0,00 €   |
| Total líquido .....            | 357,12€  |

14.35548.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.



15.35549.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

16.35550.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Vicepresidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Vicepresidente, comigo, o Secretario Acctal. que dou fe.

